

Centro EPAPU Río  
Lérez

Departamento de  
Xeografía e  
Historia.

Programación  
Didáctica

## 1. INTRODUCCIÓN:

### 1. Profesores do Departamento.

- Don Ángel Antonio Gutiérrez.
- Don Daniel Pazos Gómez.
- Don Jorge Rial Rodríguez (Xefe de Departamento).

### 2. Distribución de horas e cursos.

- Don Ángel Antonio Gutiérrez.

Cursos: 1º e 2º ESA; Xeografía de 2º de bacharelato (grupo da mañá e tarde); Historia da Música e a Danza de 2º de bacharelato (grupo da mañá e tarde).

- Don Daniel Prado Gómez.

Cursos: 2º, 3º e 4º ESA e Hª. da Arte de 2º Bach. Mais inglés.

- Don Jorge Rial Rodríguez

Cursos: 3º e 4º ESA presencial, 4º distancia; Historia de España de 2º de bacharelato (grupo da mañá e tarde), Hª Mundo Contemporáneo en 1º Bach (grupo mañá e tarde).

Ademais os tres profesores somos **titores** de un curso da ESA.

### A. Lexislación educativa a aplicar:

Normativa aplicable Lomloe los centros EPA:

1. Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación.
2. Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de Educación Infantil, educación primaria, Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato no curso académico 2020-2023
3. Orde do 25 de xaneiro de 2020 2 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de Educación Secundaria Obligatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
4. Orde do 20 de marzo de 2018 polo que se regula a educación básica para as persoas adultas, e se establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Orde do 20 de maio de 2022 polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2022-2023

nos centros docentes sostidos con fondos públicos na comunidade Autónoma de Galicia.

6. Resolución de 18 de xullo de 2022 da Dirección Xeral de Formación Profesional por la que se dictan instrucciónes para desenvolvemento de Ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bachillerato para persoas adultas e Ensinanzas non regradas no curso académico 2022-2023.

### **3. Contextualización do centro EPAPU Río Léz**

O centro de educación secundaria para persoas adultas Epapu “Río Léz” é un dos tres centros específicos de adultos da provincia de Pontevedra, con a Epapu Nelson Mandela sita no centro penitenciario de A Lama e o centro Epapu “Berbés” de Vigo. Polo tanto, a este centro acode unicamente alumnado adulto, en ningún caso menor de 16 anos. A partir de aí a casuística é moi variada, dende alumnos e alumnas de idades relativamente novas que veñen rematar aquí os seus estudos, co obxectivo de atopar un traballo, ata alumnado de idade máis avanzada que vén para continuar coa súa formación.

O centro “Río Léz” está situado na capital da provincia e recibe alumnado dos municipios da contorna. Pese a esta variedade na procedencia xeográfica, en bastantes casos son estudantes con grandes dificultades para seguir estudos, tanto na Educación Secundaria conducente á obtención do título de Graduado en ESO coma no Bacharelato: dende alumnado con dificultades de aprendizaxe a outros que teñen familias ou traballo e que compatibilizan cos estudos. Polo tanto, o nivel de coñecementos co que nos atopamos e a capacidade de dedicación e o tempo dispoñible para o estudo son moi desiguais. De aí tamén que o absentismo, o abandono e o fracaso escolar sexan máis elevados que noutros centros de secundaria e que a concienciación do profesorado por evitar esa lacra sexa decidida.

Contando con estes condicionantes, a educación, no contexto do ensino para as persoas adultas consiste en potenciar todas as súas aptitudes para que poidan construír o seu propio proxecto de vida e desempeñar a súa función social con total plenitude. Para levar a cabo esta función é esencial, como indicaba na antiga lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, o punto 7 do artigo 67 “o ensino das persoas adultas se organice cunha metodoloxía flexible e aberta, de modo que respondan ás súas capacidades, necesidades e intereses”.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableceu un currículo específico correspondente ás ensinanzas mínimas da educación secundaria, sendo este

aberto, flexible e axeitado a cada centro educativo e á súa adaptación ás condicións concretas do seu alumnado.

O Ámbito Social, integra os aspectos básicos das materias de ciencias sociais, xeografía e historia, e os aspectos perceptivos das materias de música e educación plástica e visual. Este ámbito integra, polo tanto, tres tipos de aspectos: os que permiten unha comprensión e visión crítica das relacións do ser humano co medio xeográfico, e como froito da evolución histórica; os que, cunha raíz profundamente ética, lle facilitan desenvolver unha comprensión das diferenzas e do respecto por elas dentro da sociedade democrática, co fin de preparar as persoas para unha cidadanía activa; e os que lle permiten un achegamento activo e de gozo da linguaxe visual e musical.

Os contidos das materias incluídas neste ámbito oriéntanse, deste modo, a proporcionar unha visión global do mundo e transmitir un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria. Eses coñecementos supoñen tamén unha contribución fundamental na formación do alumnado adulto para encararse ao mundo laboral. Este ámbito recolle así aspectos profundamente arraigados na tradición pedagóxica occidental: a reflexión e o estudo sobre o espazo xeográfico e a historia; o achegamento á arte como elemento fundamental do humanismo; o diálogo e a reflexión como medio para cultivar o mutuo respecto e desenvolver unha auténtica educación moral propia dunha sociedade democrática avanzada.

#### **4. Contribución das materias ao desenvolvemento das competencias clave.**

Entre as achegas do Ámbito Social á adquisición das competencias clave da aprendizaxe pódense mencionar os seguintes aspectos

- Comunicación lingüística (CCL): a aprendizaxe deste Ámbito Social require a interacción social, a interpretación e expresión da concepción do mundo, para o que é esencial o desenvolvemento da competencia lingüística. O alumno adquire coñecementos sobre a organización e o funcionamento da sociedade na que vive á vez que se familiariza con diferentes estilos comunicativos formais. A consecución dos estándares de aprendizaxe propostos require a práctica de distintas destrezas adquiridas ao longo da vida mediante o uso da lingua. Isto implica o manexo de diferentes modalidades de comunicación e o acceso a múltiples soportes de información, con textos en varios formatos, nos que se empregan diversas linguaxes e sistemas de representación, tendo sempre

presente que a linguaxe é un instrumento humano básico xa que permite o razoamento.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): o desenvolvemento do Ámbito Social contribúe á adquisición da competencia matemática xa que o alumnado aplica procesos de razoamento lóxico para comprender o funcionamento básico do sistema económico e político actual e elabora plans de acción que permiten alcanzar obxectivos persoais e profesionais e mellorar a calidade de vida. Ademais, foméntase a capacidade crítica e a aptitude apropiada para a elaboración de xuízos fundados ao abordar problemas cotiáns. Tanto a interpretación de acontecementos e fenómenos como a experimentación no ámbito das ciencias sociais implican a comprensión e o manexo do sistema numérico, a realización de cálculos, a estimación e o cálculo de magnitudes, a situación no espazo, o tratamento e a representación da información e a valoración do azar e da probabilidade. Necesitan a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos nos seus respectivos contextos, demostrando os resultados matemáticos e valorando as solucións pola súa fiabilidade e veracidade. Do mesmo xeito, favorécese o incremento de destrezas para abordar a incerteza, o tratamento dos datos e os razoamentos cualitativos e cuantitativos de maneira lóxica e argumentada para establecer relacións, para deducir conclusións coherentes ben fundamentadas a problemas cotiáns e para ampliar actitudes relacionadas coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia, como a conservación de recursos naturais e outras cuestións ambientais. Todo iso contribúe ao desenvolvemento das capacidades necesarias para xerar coñecemento intrínseco ao método de investigación das ciencias sociais.

- Competencia dixital (CD): o estudo das ciencias sociais implica necesariamente o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación e, por tanto, leva o incremento das habilidades de procura, selección e recompilación de información e desenvolver unha actitude crítica para analizar e interpretar a validez e fiabilidade do contido, coa fin de resolver problemas, avaliar novas fontes de información e motivar a curiosidade polo coñecemento. Ademais, este Ámbito Social contribúe á ampliación de capacidades comprendidas na competencia dixital para seleccionar os soportes máis apropiados para observar, elaborar hipóteses, informarse, experimentar, liquidar todo tipo de problemas, executar as tarefas técnicas adecuadamente e elaborar conclusións ben fundamentadas.

Propóñense aprendizaxes mediante o uso dos diferentes recursos da tecnoloxías da información e a comunicación de maneira responsable, fiable e segura, tanto para resolver problemas como para producir novos contidos e comunicalos. Neste sentido, os estándares de aprendizaxe propoñen comprender, interpretar textos e comunicar, mediante unha linguaxe multimodal en diferentes sistemas de representación, o coñecemento académico e científico procesado e elaborado, destacando aspectos básicos da comunicación, a exposición, o diálogo e a argumentación. Especifican accións clave do proceso de elaboración persoal do coñecemento e a investigación, tales como observar, analizar, diferenciar, estruturar, coñecer, describir, sintetizar, investigar, relacionar, asociar, cuestionarse, explicar, interpretar, deducir, demostrar, etc. Inclúen o uso responsable e eficaz das novas tecnoloxías para buscar e xestionar información, empregar técnicas de estudo e traballo, resolver problemas e aplicar o coñecemento.

- Aprender a aprender (CAA): a metodoloxía didáctica propia do ensino deste Ámbito Social prepara para formarse permanentemente ao longo da vida mediante propostas que permiten ao alumnado aprender a observar e exporse cuestións sobre a realidade, a informarse, a estudar, a realizar unha elaboración persoal do coñecemento, a reflexionar e a responder as cuestións que se expoñen na súa vida cotiá. Todo iso esperta a curiosidade, incrementa a motivación para incorporar novos coñecementos e facilita a execución de estratexias metacognitivas para unha aprendizaxe autónoma eficiente. Desenvolver proxectos específicos das ciencias sociais axuda a conseguir un nivel relevante en autonomía e eficacia da propia aprendizaxe, ao que se chega mediante traballos individuais e grupais. A formación en diferentes áreas do saber científico require un proceso introspectivo para valorar e relacionar os intereses e coñecementos previos con novos saberes e empregar todas as estratexias de estudo e traballo aprendidas: escoita activa, lectura, comprensión, análise, síntese, estruturación da información, elaboración persoal do saber, aplicación do coñecemento, etc.

- Competencias sociais e cívicas (CSC): a análise e a reflexión sobre os contidos do Ámbito Social contribúen a afianzar a capacidade de identificar, interpretar, apreciar e axuizar acontecementos, feitos, fenómenos, comportamentos, hábitos e valores para desenvolverse socialmente mediante o diálogo, a cooperación e a participación a nivel local, nacional e europeo. Implican a toma de decisións ben fundamentadas e argumentadas para a comprensión e

expresión de diferentes puntos de vista. Potencian actitudes inspiradas no exercicio da liberdade, o respecto, a tolerancia, a igualdade e a non discriminación. Deste xeito, a persoa prepárase para participar na actividade social e cívica de acordo a valores socialmente establecidos e axúdaselle a tomar conciencia democrática.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): as tarefas necesarias para dar sentido aos contidos do Ámbito Social fomentan a capacidade de transformar ideas en actos, partindo de habilidades e destrezas persoais, ao incluír estratexias cognitivas e procedementos que dotan ás persoas adultas de recursos para desenvolverse adecuadamente e afrontar de maneira autónoma retos persoais, sociais, académicos e laborais de diversa índole. Consecuentemente, promóvense aptitudes para aproveitar a información, desenvolver ideas, resolver problemas e presentar conclusións innovadoras. Por outra banda, potencian a capacidade de análise, pensamento crítico, resolución de problemas e toma de decisións do individuo, ao propoñer a interpretación e a análise crítica da información, coñecementos e acontecementos relacionados coas ciencias sociais. Deste xeito favorécese o aumento da capacidade requirida para afrontar a incerteza, deseñar e poñer en práctica plans de acción eficaces, propoñendo e argumentando solucións a diferentes problemas cotiáns, económicos e sociais, con autonomía e iniciativa persoais.

- Conciencia e expresións culturais (CCEC): a persoa enriquece a súa competencia cultural ao coñecer, comprender, interpretar e gozar o labor humano, abordándoo como obxecto de estudo e como fonte de inspiración de creacións artísticas. A intervención humana na natureza e a cultura dos pobos pónense de manifesto na arte cos propósitos de informar, educar, crear e recrearse. A tecnoloxía é un constituínte esencial da cultura actual, e por iso, desempeña un papel fundamental como obxecto de estudo e representación e como instrumento de creación artística. Este Ámbito Social realiza achegas importantes á competencia en conciencia e expresións culturais ao propoñer a reflexión e a posta en práctica de actitudes de respecto, aceptación e goce das diferentes manifestacións culturais e artísticas, valorando a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e o diálogo entre culturas e sociedades, pasadas e actuais, locais e universais, cun espírito aberto, positivo e solidario. Ademais, os contidos do Ámbito social contribúen ao coñecemento do medio físico, dos espazos humanos, da ciencia e a tecnoloxía, do funcionamento económico e da evolución

histórica da humanidade. Trátanse así saberes de diversas disciplinas (xeografía, historia, socioloxía, demografía, economía, ecoloxía, arte, arqueoloxía, etc.). Estes procuran favorecer a comprensión dos acontecementos e os fenómenos sociais no contexto no que se producen, a análise dos procesos que dan lugar aos cambios históricos e á reflexión sobre experiencias colectivas de todos os tempos ata a actualidade cunha visión de futuro. Axudan así a ter unha visión clara da importancia do comportamento económico, individual e colectivo das persoas na busca da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e organización dos bens e servizos e a distribución dos recursos. As propostas didácticas para o ensino e a aprendizaxe deste Ámbito Social enfócanse de cara a dotar á persoa de ferramentas que lle permitan levar a bo termo proxectos persoais e profesionais, individuais e colectivos, similares aos posibles retos presentes e futuros da súa vida diaria. En todo momento débese ter presente o compoñente social do proceso de aprendizaxe e deberán aproveitarse todas as oportunidades para formar ao individuo en aptitudes de cooperación e de comunicación con persoas da súa contorna, que favorezan a adquisición de condutas asertivas e colaborativas. Tamén é necesario que se expoñan proxectos que contribúan a que o alumnado desenvolva unha imaxe axustada de si mesmo e do contorno no que se desenvolve, identifique necesidades e intereses propios e alleos e satisfágaos, pense e acometa plans persoais, académicos e laborais. As tarefas e as actividades contidas nos proxectos presentarán exercicios de reflexión, que potencien procesos de pensamento complexos e a análise de feitos e situacións, para detectar causas, implicacións e consecuencias. Deben facilitarse instrucións para aprender a observar, recoñecer, examinar, analizar, discernir, considerar, estudar, sintetizar, expresar, explicar, representar e expoñer de maneira coherente emocións, pensamentos, experiencias e ideas. Ter en conta as instrucións axudará ao alumno para ser máis capaz de atender, concentrarse, escoitar activamente, empregar a linguaxe interna, meditar, deliberar, especular, cooperar e axuizar para resolver problemas reais. Os procesos emprenderanse empregando servizos e recursos humanos e materiais ao alcance do alumnado na súa vida cotiá a través da oferta de entidades, institucións e administracións públicas e privadas.

## **5. Obxectivos xerais.**

Entre os obxectivos xerais das materias do Ámbito Social, poden destacarse os seguintes:



- Identificar e apreciar a pluralidade das comunidades sociais ás que se pertence, participando criticamente dos seus proxectos, valores e problemas con plena conciencia dos seus deberes e dereitos, e rexeitando calquera tipo de discriminación.

- Empregar de forma combinada conceptos, feitos, teorías e procedementos propios da historia, da xeografía, da ética e da educación para a cidadanía para analizar e comprender problemas sociais e resolver situacións conflictivas nas sociedades actuais, especialmente das que afectan a Galicia, España e Europa.

- Coñecer e valorar o patrimonio natural, histórico, lingüístico, cultural e artístico, a escala mundial, estatal e galega, co fin de respectalo, protexelo, desfrutalo e transmitilo ás xeracións vindeiras.

- Comprender a diversidade cultural e étnica das nosas sociedades como unha consecuencia do fenómeno da globalización, valorando esta diversidade como unha oportunidade para expresar actitudes de respecto e tolerancia cara ás outras mentalidades, formas de vida e códigos éticos que non coinciden cos nosos, sempre que non atenten contra a dignidade humana, e sen que isto implique renunciar a xuízos sobre eles.

- Buscar, comprender, seleccionar e relacionar información verbal, gráfica, icónica, estatística e cartográfica, procedente de diversas fontes, incluída a que proporciona o contorno físico e social, os medios de comunicación e as tecnoloxías da información e a comunicación, tratada de maneira autónoma e crítica co fin que se persegue e comunícala de forma organizada, coherente e intelixible.

- Saber observar e apreciar as imaxes e os sons, comprendendo as relacións existentes entre as linguaxes plásticas e musicais, con outros pertencentes aos distintos ámbitos de coñecemento.

- Participar na organización e realización de actividades en diversos contextos, favorecendo o diálogo, a colaboración e a participación, sendo consciente do enriquecemento que se produce coas propias achegas e as dos demais.

## **6. Concrecións metodolóxicas.**

As persoas adultas, cando chegan a un centro educativo como o noso, dispoñen dunha gran cantidade de información e de experiencias sobre o mundo que as rodea. Constantemente reciben información e valoracións sobre a vida en sociedade, a través dos medios de comunicación, dos seus líderes sociais e políticos ou da interacción cos seus iguais. Termos como historia, identidade, nación, Estado, constitución, emigración, etc. son manexados constantemente, en moitos casos cunha gran carga emotiva. Por outra banda, ao longo da súa propia traxectoria vital, as persoas adultas experimentan os aspectos positivos e negativos da vida en sociedade e coñecen o significado de realidades como conflito, discusión, diálogo, influencia, poder social ou violencia.

O ámbito social, dentro da educación secundaria para persoas adultas, é un marco privilexiado para a posta en cuestión e discusión de todas esas informacións e saberes, actitudes, experiencias e valores que o adulto leva como bagaxe inseparable da súa propia vida. As características, as necesidades, os intereses e as motivacións das persoas adultas, á hora de acceder á oferta educativa, difiren das do resto do alumnado. Se engadimos a isto a amplitude e diversidade das situacións individuais, as diferenzas socioculturais, de condicións laborais, da calidade das experiencias e expectativas académicas e, incluso, o tempo dispoñible para dedicarse ás tarefas educativas, podemos comprender a complexidade dos referentes que debemos considerar á hora de tomar decisións no ámbito da educación para as persoas adultas.

Polo anteriormente sinalado, neste contexto haberá que partir dunha análise das maneiras ou á tipoloxía do alumnado, partindo das experiencias previas con que accede ao sistema educativo e respectando os procesos evolutivos da vida adulta, así como os ritmos e estilos de aprendizaxe individuais. Ademais, o estudo dos contidos procedentes da xeografía e da historia debe ser integrador e globalizador, xa que o seu obxectivo básico é o coñecemento da realidade social. O estudo da interacción do home co seu medio debe ter un enfoque ecoxeográfico, que considere as múltiples variables -naturais e humanas- que conforman un espazo e, ademais, atenda o dinamismo interno de cada variable e das súas interaccións.

O estudo da historia permítelle ao alumnado adulto ter unha visión multicausal do proceso histórico, como algo evolutivo que condiciona e determina o presente. É necesario o estudo dos suxeitos históricos silenciados como as mulleres, a clase obreira, os pobres... dándolle o protagonismo que lles corresponde. Ao mesmo tempo, débese abordar o estudo

do noso patrimonio cultural material e inmaterial como un conxunto herdado e construído colectivamente a través do tempo e do espazo. De aí que se entrelacen os planos do patrimonio cultural, histórico, artístico e ambiental, establecendo interaccións mutuas.

O estudo dos fenómenos sociais tamén debe insistir permanentemente na diferenza entre a realidade deses fenómenos e as interpretacións que recibimos deles a través de todo tipo de fontes, favorecendo así o relativismo das interpretacións sociais e o respecto polas posturas diferentes e evitando o maniqueísmo. Deberase desenvolver polo tanto unha metodoloxía que compare o inmediato co afastado, o propio co alleo, o máis concreto co máis abstracto, expresando así a importancia que no currículo debe concederse á xeografía, á historia e á cultura de Galicia.

Por outra banda, se a motivación é clave en todo proceso de aprendizaxe, na educación das persoas adultas adquire unha relevancia especial. As actividades deberán ter sentido para elas, ser funcionais e vehicular aprendizaxes que poden ser transferidas á práctica no mundo que as rodea, de xeito que lles vexan utilidade patente. Esta é imprescindible para evitar o abandono antes de completar o proceso de aprendizaxe, de aí a importancia de desenvolver, nas persoas adultas, capacidades e habilidades encamiñadas á superación, con éxito, das dificultades con que se poden atopar no seu contorno persoal, sociocultural e laboral, reforzando así a súa autoestima.

A educación das persoas adultas debe favorecer, ademais, os procesos en que estas aprendan a aprender. É moi importante que, canto antes, se responsabilicen do seu proceso de aprendizaxe. Neste senso, a implicación activa das persoas adultas nos procesos de formación só é posible se se senten partícipes deles, é dicir, se están implicadas en todo o proceso educativo. Así, o papel fundamental do profesorado consiste principalmente en facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe máis que en transmitir coñecementos.

A Constitución Española recolle no seu artigo 20.1 c a liberdade de cátedra. Non se pode dicir que un método sexa mellor ca outro sen termos absolutos, senón que, a idoneidade dos métodos dependerá dos resultados obtidos. A flexibilidade e a diversidade de uso de distintas metodoloxías axudará ao profesor no seu labor de chegar ao alumnado.

A aprendizaxe mecánica é aquela que se acadada pola memorización repetitiva, a súa efectividade resulta pouco eficaz. Pola contra, a aprendizaxe significativa é unha aprendizaxe comprendida, con capacidade de ser lembrada, relacionada e ampliada. A lexislación vixente decántase, pola aprendizaxe significativa que, para ser establecida, ten que cumprir unha serie

de requisitos como:

**1.a** **Actividades de presentación-motivación:** Para introducir ao alumnado no tema que se aborda e despertar a súa interese sobre os contidos da unidade. Poderá establecerse un pequeno debate a partir dalgún artigo de prensa, noticia de actualidade, etc., realizar un remuíño de ideas con preguntas abertas ou analizar e comentar un vídeo relacionado co tema.

**1.b** **Actividades de avaliación de coñecementos previos:** Para obter información acerca de que saben e que procedementos, destrezas e habilidades teñen desenvolvidas os/as alumnos/as sobre un tema concreto, pode realizarse unha tormenta de ideas sobre os principais conceptos da unidade o un “test de coñecementos previos” co que o profesorado pode facerse unha idea de cada alumno e alumna da clase en xeral. Non se trata de poñer nota ao alumnado, senón de proporcionar ao profesorado a información que necesita para favorecer aprendizaxes significativas funcionais.

**1.c** **Actividades de desenvolvemento dos distintos contidos:** Coa finalidade de que o alumnado adquira novos coñecementos, empregaranse varias estratexias:

**1.c.i** **Motivación**, importante ao pretender a aprendizaxe significativa.

**1.c.ii** **Diversidade**, empregando **técnicas de traballo diversas** secuenciadas en intervalos de 15 minutos.

**1.c.iii** **Metodoloxía activa**, coa **participación do alumnado**, sen esquecer a exposición teórica.

**1.c.iv** **Indución e inferencia**, como consecuencia do anterior, que o alumnado estableza relacións. A formación en valores esixe discusión de dilemas éticos, debates sobre temas actuais controvertidos, sen que teña que dissociarse da aprendizaxes de outros contidos, senón que se afianza co coñecemento dos conceptos e feitos.

**1.c.v** **Expositivo**, explicación de novos conceptos

\* **Interdisciplinar**, relacionado as materias con outras disciplinas para así apoiar a aprendizaxe e lograr un coñecemento máis global.

- **Actividades de consolidación:** Para que os alumnos e alumnas contrasten as novas ideas coas previas e apliquen as novas aprendizaxes, realizarán actividades nas que se traballarán tanto os contidos conceptuais como os de tipo procedimental.
- **Actividades de síntese - resumo:** Elaborar **mapas conceptuais** sobre os contidos da unidade ou elaborar un resumo.
- **Actividades de reforzo:** Para aqueles/as alumnos/as que non alcancen os obxectivos ou que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento deseñaranse actividades destinadas a desenrolar os contidos de reforzo.
- **Actividades de ampliación:** Para o alumnado que teña un ritmo máis rápido de aprendizaxe realizaranse actividades como a busca de información en outras fontes das proporcionadas de xeito ordinario na aula sobre algún dos contidos do tema.
- **Actividades de avaliación:** Son as actividades dirixidas á avaliación formativa e sumativa que non se cubriron polas actividades de aprendizaxe dos tipos anteriores.

Nos distintos temas non será necesario empregar todas estas actividades, senón que haberá que axustalas ás características dos contidos e obxectivos a tratar, e ás características do alumnado. Nas programacións de aula o profesorado de cada materia e grupo irá reflectindo a adecuación destas actividades.

## 7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
	2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
	4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		
	5. Relaciona os contidos e as actividades con intereses do alumnado.		

	6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
	7. Promove a reflexión dos temas tratados		

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
DESENVOLVEMENTO DO ENSINO	1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema, con mapas conceptuais, esquemas...		
	2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias, pon exemplos...		
	3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fora das clases.		
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	5. Utiliza axudas audiovisuais ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para o alumnado.		
	8. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
	9. Formula actividades en grupo e individuais.		

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
SEGUIMEN TO DE PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE	1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
	2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
	3. Revisa, con frecuencia os traballos propostos na aula e fora de ela.		
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
	6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
	11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados os estudantes e os pais.		

### 7.B. MÍNIMOS ESIXIBLES.-

#### Respecto ós contidos de Historia, Arte e Música:

- Coñecer os principais procesos e acontecementos da Prehistoria, Historia Antiga, Medieval, Moderna e do Mundo Contemporáneo, situándoos no espazo e no tempo.
- Comprender o significado de termos e conceptos históricos e técnicos.

- Buscar, seleccionar e interpretar información procedente de fontes diversas (documentos, mapas, gráficas, representacións iconográficas, prensa).

#### **Respecto ós contidos de Xeografía:**

- Aprender a situarse na superficie da Terra (coordenadas xeográficas, escalas, países, continentes ...)
- Planificar e realizar mapas conceptuais, informes ou breves investigacións.
- Coñecer os principais feitos xeográficos nos ámbitos da Xeografía Física, na Xeografía Política ou na Económica.
- Situar espacialmente elementos xeográficos (ríos, montes...).
- Coñecer e distinguir os climas do mundo e as súas características xerais relacionándoos coa vexetación.
- Coñecer e localizar as Comunidades Autónomas e provincias de España.

### **8. Medidas de atención á diversidade.**

A diversidade na aula é un dos maiores retos aos que, na situación actual, tense que enfrontar o profesorado. No caso dos centros EPA, o reto é aínda máis forte xa que á diversidade socioeconómica e cultural, súmase a diferenza de idade do alumnado e as diferentes expectativas ante o estudo. O primeiro paso para solucionar o reto é aceptar a diversidade como un factor común e enriquecedor de todas as clases, non só no que se refire ao nivel de coñecementos senón tamén á capacidade, ao ritmo de aprendizaxe a ás preferencias do alumnado. Por outra parte, o diálogo permanente, o debate ordenado e o cultivo do respecto ás diferenzas, que integran un aspecto fundamental do ámbito social, serán un instrumento eficaz para o desenvolvemento da competencia da autonomía e iniciativa persoal.

Cómpre identificar e apreciar a pluralidade das comunidades sociais ás que pertence o alumnado rexeitando calquera tipo de discriminación, e comprender a diversidade cultural e étnica da sociedade actual como unha consecuencia do fenómeno da globalización, valorando esta diversidade como unha oportunidade para expresar actitudes de respecto e tolerancia cara ás outras mentalidades, formas de vida e códigos, sempre que non atenten contra a dignidade humana, e sen que isto implique renunciar a xuízos sobre eles.

O primeiro paso para atender á diversidade é identificar aos estudantes que poidan precisar un material de apoio específico. Para elo contamos co apoio do Departamento de Orientación do Centro, especialmente no que se refire aos grupos de ensino presencial, xa que na modalidade semipresencial o elevado número de alumnado fai moi difícil o seguimento personalizado. Ao alumnado que presente algún tipo de carencia débesele explicar que o mellor xeito de progresar é traballar con materiais de apoio para que repasen os conceptos



básicos. Non é unha cuestión de intelixencia, senón de superación de dificultades para avanzar máis dende o punto de partida individual de cada un.

Pode haber alumnado con necesidades educativas especiais por diversos motivos: alumnos/as pouco escolarizados/as en etapas anteriores, reiterado absentismo escolar, alumnos/as estranxeiros/as, alumnado con escaso dominio das linguas galega e española, enfermidades ou tratamentos médicos, problemas de aprendizaxe ou de conduta... Se estes problemas fixesen necesario que algún estudante tivera unha adaptación curricular, esta farase sempre co asesoramento do titor/a e do Departamento de Orientación, e sempre de forma individualizada. Se este alumnado non precisan adaptación curricular, pero os seus resultados non corresponden aos obxectivos propostos aínda despois de realizar actividades de reforzo específicas para eles, pode ser necesario variar ou mesmo eliminar determinados contidos e reforzar outros, coa conseguinte modificación dos criterios de avaliación. No caso de presentarse alumnado con problemas de índole física, tales como problemas de mobilidade, de xordeira e de visión, estes tentaranse resolver con aulas accesibles e coa utilización de dispositivos electrónicos.

No caso de que o curso deba adaptarse a unha modalidade de ensino non presencial, dada as consecuencias da pandemia do COVID-19, prestarase especial atención a aquel alumnado afectado pola fenda dixital e tratarase de solucionar a problemática derivada desta situación contando co apoio do Departamento de Orientación e coas medidas que poida adoptar a Administración.

## **9. Materiais e recursos didácticos a utilizar.**

Seguiranse as Unidades Didácticas facilitadas pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, tanto as de ensinanza presencial coma as de semipresencial.

No relativo á integración das TICs, de acordo co disposto no decreto 86/2015 polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na comunidade autónoma de Galicia, cada centro educativo debe elaborar e incluír no proxecto educativo de centro, un plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen. Dende o Ámbito social, a contribución á competencia no tratamento da información e a competencia dixital vai ser

esencial: uso das TICs para a creación de distintos contextos comunicativos: foros, correo electrónico, blogs, etc; uso de distintas ferramentas dixitais para manexar a información: CDs, DVDs, internet, presentacións... etc. Entre os principais obxectivos que nos fixamos poderíamos destacar os seguintes:

1. Fornecer ao alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
2. Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
3. Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
4. Potenciar a comunicación cos seus iguais.
5. Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

Para acadar os obxectivos anteriores facemos un uso intensivo das pizarras dixitais e das presentacións, e fomentamos o uso do correo electrónico como método para poñer en contacto a profesores e alumnos, resolver dúbidas, etc. O Departamento dispón dun repositorio web onde o alumnado pode descargar contidos dixitais elaborados polos profesores e temos tamén un blog onde informamos regularmente ao alumnado das novas do Departamento e dos materiais que teñen dispoñibles. A maiores, os estudantes de 2º de Bacharelato nas materias de Xeografía e Historia da Arte dispoñen de webs específicas con material complementario.

Especial relevancia debe ter o fomento do hábito lector, tanto nas sesións de clase como no traballo fóra das aulas. Neste aspecto, o centro EPA Río Lérez conta cun Proxecto Lector no que o noso Departamento colabora activamente. O obxectivo é que o alumnado visite a biblioteca e se acostume a procurar eles mesmos información e coñecemento, así como o desenvolvemento da autonomía lectora e o aprecio pola lectura como fonte de pracer. O Departamento recomendou a adquisición dunha listaxe de títulos en papel sobre temas históricos e sociais en diferentes formatos e procurando adaptarse aos diferentes niveis do noso alumnado. O profesorado estimula constantemente aos estudantes a facer uso dos libros, colabora coa “hora de lectura” prevista no Proxecto Lector do centro e traballa para crear un repositorio de libros dixitais con licencia de dominio público que están dispoñibles

para o alumnado, ben nos seus dispositivos de lectura privados ou nos pertencentes á biblioteca do centro que os estudantes poden levar en préstamo.

En colaboración co equipo encargado da Biblioteca, pretendemos contribuír á adquisición das competencias básicas relacionadas coa educación documental (especialmente aprender a aprender e competencia dixital), e desenvolver no alumnado as seguintes destrezas básicas: consulta eficaz e cun obxectivo claro de diferentes fontes informativas e en distintos soportes (enciclopedias, dicionarios, atlas, Internet), selección da información desexada e axustada aos obxectivos formulados e emprego e reelaboración da información obtida de maneira comprensiva, crítica e ética.

## 10. Materias de ESA . -

### - Concrecións por estándares de aprendizaxe:

#### Módulo 1. Bloque 1. O medio físico

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Instrumentos de avaliación
E,g,h,i	B1.1.: A terra: ubicación e representación	B.1.1.: Manexar todas as formas de representación do noso planeta en diferentes soportes	B1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares utilizando datos de coordenadas xeográficas en mapas	CD, CMCT, CAA	Localiza espazos xeográficos e lugares utilizando datos de coordenadas xeográficas	1º bimestre	Proba obxectiva

		aplicacións	convencións e en versión dixital				
E,g,h,i	B1.2. Compoñen tes básicos e formais do relevo	B1.2. Describir e situar as formas do relevo e os compoñentes básicos do medio físico de Galicia, España, Europa e o mundo	B.1.2.1. Sitúa nos diferentes tipos de mapas físicos as principais unidades de relevo de Galicia, España, Europa e o mundo	CD, CMCT, CAA	Sitúa nos diferentes tipos de mapas físicos as principais unidades de relevo de Galicia e España	1º bimestre	Proba obxectiva

			B.1.2.2. Enumera e describe as caracterís ticas do relevo de Galicia, España,	CAA, CLL	Enumera as caracterís ticas do relevo de Galicia, España,	1º bimestre	Proba obxectiv a
--	--	--	--	-------------	---	----------------	------------------------

			Europa e o mundo		Europa e o mundo		
E,g,h,i, k	B1.3. Medio físico de Galicia, España, Europa e o mundo	B.1.3. Ubicar, analizar e comparar os principai s conxunto s bioclimáti cos que conforma n o espazo xeográfic o galego , español, europeo e mundial	B.1.3.1. Interpreta mapas represent ativos dos principai s conxunto s bioclimáti cos de Galicia, España, Europa e o mundo	CAA, CLL, CMCT, CD	Interpreta mapas Represen ta tivos dos principai s conxunto s bioclimáti cos de Galicia e España	1º bimestre	Proba obxectiv a

			B.1.3.2. Compara as principais zonas climáticas segundo cadeas argumentais	CAA, CCL, CD	Compara as principais zonas climáticas	1º bimestre	Proba obxectiva
			B.1.3.3. Descobre os trazos distintivos de cada tipo de clima mediante explicacións que levan implícitas a interpretación	CAA, CMCCT, CD, CCL	Descobre os trazos distintivos de cada tipo de clima	1º bimestre	Proba obxectiva
			ón de resultados matemáticos e científicos				

Bloque 2: o espazo humano

E,g,h,i, n	B.2.1. A poboación en Galicia, España e Europa	B2.1. Analizar as característi ca s da poboación da poboación galega, española e europea	B.2.1.1. Describe as característica s da poboación europea e explica as pirámides de idade de Galicia e España	CAA, CLL, CMCT, CD	Menciona as característic as da poboación europea e explica as pirámides de idade de Galicia e España	1º bimest re e	Proba obxecti va a
			B2.1.2. Interpreta os trazos da poboación mediante táboas, gráficas e mapas en diferentes soportes convencionais e programas informáticos	CAA, CCL, CMCT, CD	Interpreta os trazos da poboación mediante táboas, gráficas e mapas en diferentes soportes convencion ais e programas informáticos	1º bimest re e	Proba obxecti va a
E,g,h,i, n	B2.2. A organizaci ón n territorial de Galicia, España e Europa	B2.2. Coñecer a organizaci ón territorial de Galicia, España e Europa e localizala en	B2.2.1. Comprende a organización territorial europea no contexto actual	CAA, CD	Comprende a organizació n territorial europea no contexto actual	1º bimest re e	Proba obxecti va a

		mapas políticos					
			B2.2.2. Le e elabora mapas políticos de Galicia, España e Europa	CCL, CSC	Le mapas políticos de Galicia, España e Europa	1º bimestre e	Proba obxectiva
E,g,h,i	B2.3. Movementos migratorios, asentamentos e proceso de urbanización	B.2.3. Deducir os trazos da poboación galega, española e europea en relación coa súa distribución, evolución, dinámica, migracións e políticas de poboación	B2.3.1. Compara áreas de poboación segundo a súa distribución, evolución e dinámica	CAA, CCL, CSC	Compara áreas de poboación segundo a súa distribución	1º bimestre e	Proba obxectiva
			B2.3.2. Comprende as causas e consecuencias da evolución da demografía e os movementos migratorios	CAA, CLL, CSC	Comprende as causas ou as consecuencias da evolución da demografía e os	1º bimestre e	Proba obxectiva



					movementos migratorios		
E,g,h,i,j	B2.4. Actividade humana, sistemas e sectores económicos e áreas produtivas	B2.4. Deducir os recursos naturais dispoñibles, a súa ubicación, o	B2.4.1. Enumera e localiza os principais recursos naturais de Galicia, España e Europa	CAA, CD, CCL, CSC	Enumera os principais recursos naturais de Galicia, España e Europa	1º bimestre e	Proba obxectiva

		modo de extracción					
			B2.4.2. Explica con axuda de representacións a actividade humana necesaria para obter os recursos naturais	CAA, CD, CCL, CSC	Explica con axuda de representacións obxectivas a actividade humana necesaria para obter os recursos naturais	1º bimestre e	Proba obxectiva

			B2.4.3. Razoar os criterios adoptados na toma de decisións, para ofrecer propostas de uso sostible dos recursos naturais nun contexto dado, e a repercusión na riqueza da zona	CAA, CD, CCL, CSC	Razoar os criterios adoptados na toma de decisións, para ofrecer propostas de uso sostible dos recursos naturais nun contexto dado	1º bimestre	Proba obxectiva
E,g,h,i,j,l	B2.5. Sectores económicos	B2.5. Razoar a relación entre os sectores económicos e as actividades humanas de produción coa axuda de mapas, gráficos, táboas e outras fontes que reflicten	B2.5.1. Elabora mapas conceptuais coa estrutura fundamental dos sectores económicos.	CD, CCL, CSC	Elabora mapas conceptuais coa estrutura fundamental dos sectores económicos	1º bimestre	Proba obxectiva

		os recursos e a produción dos tres sectores produtivos					
			B2.5.2. Analiza comparativamente mapas das principais zonas produtoras e dos sectores predominantes nas distintas rexións.	CMCC T, CD, CCL	Analiza mapas das principais zonas produtoras e dos sectores predominantes nas distintas rexións	1º bimestre e	Proba obxectiva
			B2.5.3. Coñece e valora as achegas dos últimos avances tecnolóxicos e as relacións co benestar da humanidade.	CAA, CMCC T, CD, CSC	Coñece as achegas dos últimos avances tecnolóxicos.	1º bimestre e	Proba obxectiva

E,g,h,i, j	B2.6. Áreas económicas	B2.6. Valorar a estrutura de producción, de asignación de recursos, distribución e consumo de bens e servizos nunha área e relacionar isto coas consecuen cias do predominio dun	B2.6.1. Comprende a relación entre os elementos dos grandes sistemas económicos: necesidades humanas, actividades económicas, sistemas productivos e problemas económicos.	CAA, CMCC T, CD	Comprende a relación entre os elementos dos grandes sistemas económicos : necesidade s humanas, actividades económicas , sistemas productivos e problemas económicos	1º bimestre	Proba obxectiva
		determina do sector na zona.					

			B2.6.2. Expón a valoración comparativa dos diferentes sistemas económicos a partir da información seleccionada no formato que considera máis axeitado. Fai unha relación entre factores económicos e políticos	CAA, CMCC T, CD, CCL, CSC	Expón a valoración comparativa dos diferentes sistemas económicos a partir da información seleccionada no formato que considera máis axeitado	1º bimestre	Proba obxectiva
			B2.6.3. Expón o funcionamento do comercio, sinalando os organismos implicados despois dun proceso de investigación realizado coa axuda das tecnoloxías da información e da comunicación	CAA, CMCC T, CD, CCL, CSC	Expón o funcionamento do comercio, sinalando os organismos implicados despois dun proceso de investigación realizado coa axuda das tecnoloxías da	1º bimestre	Proba obxectiva

					información e da comunicación		
--	--	--	--	--	-------------------------------	--	--

Bloque 3: A Historia

A,e	B3.1. A evolución das especies e a hominización	B3.1. Entender o proceso de hominización	B3.1.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	CAA, CMC, C, T	Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana	1º bimestre	Proba obxectiva
-----	---	--	---	----------------	--	-------------	-----------------

E,f	B3.2. A periodización na Prehistoria: Paleolítico e Neolítico	B3.2. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos os históricos máis salientables da Prehistoria, para adquirir unha perspectiva global da evolución.	B3.2.1. Distingue etapas históricas polos seus trazos fundamentais	CSC, CMC C T	Distingue etapas históricas polos seus trazos fundamentais	2º bimestre	Proba obxectiva
			B3.2.2. Interpreta diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos	CSC, CMC C T, CAA	Interpreta diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	2º bimestre	Proba obxectiva
B, c,e,g,k, m	B3.3. Paleolítico : etapas, características das formas de vida; cazadores recolectores.	B3.3. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos	B3.3.1. Explica a través dun esquema comparativo a diferenza entre os dous períodos en que se divide	CSC, CCL, CAA	Explica a través dun esquema comparativo a diferenza entre os dous períodos en	2º bimestre	Proba obxectiva

		en que se divide			que se divide a Prehistoria		
--	--	------------------	--	--	-----------------------------	--	--

		a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico	a Prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.		e menciona as características básicas da vida en cada un.		
			B3.3.2. En relación ás primeiras actividades e de cara ás subseguintes, planifica, revisa e avalía o seu propio proceso de elaboración do coñecemento histórico	CAA	En relación ás primeiras actividades e de cara ás subseguintes, planifica, revisa e avalía o seu propio proceso de elaboración do coñecemento histórico	2º bimestre	Proba obxectiva



B,c,e,g, k, m	B3.4. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedade s humanas, sedentaris mo o, artesanía e comercio, organizaci ón n social	B3.4. Interpretar a evolución histórica da humanida de relacionand o factores naturais, sociais, políticos, económico s e culturais.	B3.4.1. Expón en formato multimedia a aparición das primeiras descuberta s e invencións da humanidad e, xunto ás súas consecuen cia s	CSC, CCEC , CCL, CD, CAA	Expón en formato multimedia a aparición das primeiras descuberta s e invencións da humanida de	2º bimes tre	Proba obxectiv a
B,c,e,g, k, m	B3.5. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos	B3.5. Coñecer algunhas característi ca s da vida humana neste	B3.5.1. Describe formas de organizaci ón socioeconó mico ica e política,	CSC, CCL	Menciona formas de organizaci ón socioeconó mico ica e política, novas ata	2º bimes tre	Proba obxectiv a

		período, así como o establecem ento to e a difusión de diferentes culturas urbanas despois do Neolítico	novas ata entón, como os imperios de Mesopotam ia e de Exipto		entón, como os imperios de Mesopota mia e de Exipto		
--	--	---	--	--	---	--	--

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de valoracións estéticas propias sobre autores e obras, interrelacionando a música e a danza co seu contexto e utilizando a información procedente de diversas fontes, incluídas as tecnolóxicas.</li> <li>- Recoñecemento da importancia da música e da danza como manifestacións artísticas dunha sociedade, considerando a influencia de factores de tipo cultural, sociolóxico e estético no proceso creativo.</li> <li>- Interese pola música e a danza como parte do patrimonio histórico e cultural, recoñecendo as aportacións significativas realizadas desde España e a Comunidade Galega en particular.</li> <li>- Análise de textos relativos ao feito musical e descrición dos argumentos plasmados polos seus autores, en relación ás correntes estéticas e estilísticas.</li> <li>- Síntese ordenada das ideas principais dos textos analizados, distinguindo a información principal cun vocabulario técnico apropiado.</li> <li>- A función da música e da danza como soporte dun texto literario ou medio de</li> </ul>	<p>como o seu desenvolvemento sociocultural.</p> <p>BL1.2. Analizar a utilización da música e da danza como soporte dun texto literario ou como medio de intensificación dramática en óperas, ballet, cine, teatro ou outras situacións concretas, mediante o estudo de diversas fontes de información.</p> <p>BL1.3. Analizar as principais características de diferentes obras de música e danza tras escoitalas ou visionalas, e ubicalas no tempo para comparalas con outras obras representativas de cada estilo, descubriendo semellanzas e diferenzas entre elas.</p>	
--	--	--



<p>intensificación dramática en relación a outras manifestacións artísticas: plásticas e escenográficas. Elaboración de comentarios e opinións persoais.</p>		
--	--	--

Bloque 2. A Música da Antigüidade ao Renacemento. Evolución da Monodia á Polifonía.

Contidos	Criterios de avaliación	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Idade Antiga. Contexto sociocultural.</li> <li>- As orixes da Música e da Danza: manifestacións nas civilizacións antigas.</li> </ul> <p>Idade Media. Contexto sociocultural.</p>	<p>BL2.1. Analizar as características de obras de música e danza da Idade Antiga, Idade Media e Renacemento, a través da audición ou do</p>	<p>CCEC, CSC</p>

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Evolución do canto hispánico, o canto gregoriano e o movemento trobadoresco.</li> <li>- O nacemento da polifonía. <i>Ars Antiqua</i> e <i>Ars Nova</i>.</li> </ul>	<p>visionado, xustificando a súa pertenza a este período histórico, así como a súa</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Patrimonio musical dos períodos estudados en España e na Comunidade Galega.</li> <li>- A danza no entorno popular, no contexto señorial e no ámbito relixioso.</li> <li>- O Renacemento. Contexto sociocultural.</li> <li>- A música instrumental renacentista. Formas instrumentais improvisatorias, derivadas de formas vocais, en forma de variacións e danzas. Organoloxía e principais representantes.</li> <li>- A música vogal relixiosa e profana. Formas e principais representantes.</li> <li>- As escolas renacentistas.</li> </ul>	<p>relación cos aspectos socioculturais.</p>	

Bloque 3. Afianzamento da tonalidade. Barroco e Clasicismo.

Contidos	Criterios de avaliación	Competencias clave
----------	-------------------------	--------------------

<p>- Barroco. Contexto sociocultural. A música instrumental barroca. Organoloxía e formas instrumentais . Fuga, suite e <i>concerto grosso</i>.</p> <p>- A música vocal barroca. Formas vocais. Cantata, oratorio e paixón.</p> <p>Principais compositores. Bach, Vivaldi e Haendel.</p> <p>- A ópera e a súa evolución. A zarzuela.</p> <p>- <i>Ballet de cour</i>, Ópera-ballet e Comedia ballet. Lully.</p> <p>Danzas cortesás Do Barroco.</p> <p>- Clasicismo. Contexto sociocultural.</p> <p>- Estilos preclásicos .A escola de Manheim.</p> <p>- Música vogal. A reforma de Gluck, Ópera bufa e Ópera seria.</p> <p>- Música instrumental. Evolución da forma sonata.</p> <p>- Desenvolvemento da música sinfónica. Haydn, Mozart e Beethoven.</p> <p>Música de cámara e o cuarteto de corda.</p> <p>Organoloxía e representantes.</p> <p>- O ballet de acción. Noverre.</p>	<p>BL3.1. Analizar as características de obras de música e danza do Barroco, a través da audición ou do visionado, xustificando a súa pertenza a este período histórico, así como a súa relación cos aspectos socioculturais.</p>	<p>CCEC, CSC</p>
--	---	----------------------

Bloque 4. Expansión da tonalidade: o Romanticismo, o Nacionalismo, o Posromanticismo, o Impresionismo e o Expresionismo.

Contidos	Criterios de avaliación	Competenci as clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Romanticismo. Contexto sociocultural. Influencias literarias. O desenvolvemento das formas sinfónicas.</li> <li>- A música programática. O poema sinfónico.</li> <li>- Música de cámara e <i>lied</i>. O piano.</li> <li>- Grandes representantes do romanticismo a partires de Beethoven.</li> <li>- A ópera romántica en Italia e Alemania. O <i>Bel Canto</i> e o Verismo.               <ul style="list-style-type: none"> <li>- A zarzuela.</li> <li>- O ballet romántico.</li> <li>- Os nacionalismos musicais: escolas, estilos e autores.</li> </ul> </li> <li>- O ballet imperial ruso. Marius Petipa e Tchaikovsky.</li> <li>- Posromanticismo musical. Mahler e Strauss.</li> <li>- Os cambios na lingua musical. Expansión e abandono progresivo da tonalidade: impresionismo e expresionismo. Representantes. Stravinsky e los ballets rusos de Diaghilev.</li> <li>- Xeración do 98: Falla</li> </ul>	<p>BL4.1. Analizar as características de obras de música e danza do Romanticismo, os Nacionalismos, o Posromanticismo e o Impresionismo, a través da audición ou do visionado, xustificando a súa pertenza a este período histórico, así como a súa relación cos aspectos socioculturais</p>	<p>CCEC, CSC</p>

Bloque 5: Pluralidade de linguaxes: Música Académica do século XX.

Contidos	Criterios de avaliación	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Música Académica do século XX (cultura, erudita ou docta). Contexto sociocultural.</li> <li>- A música fóra do marco da tonalidade.</li> <li>- Segunda Escola Vienesa. Schönberg e influencias.</li> <li>- Desenvolvemento da atonalidade desde o dodecafonismo ao serialismo integral.</li> <li>- Diversidade de tendencias musicais. Música concreta, electrónica, electroacústica, aleatoria, postserial, etc.</li> <li>- A música de vangarda española: a Xeneración do 27 e la Xeneración do 51.</li> </ul>	<p>BL5.1. Analizar as características de obras de música e danza do século XX a través da audición ou do visionado, xustificando a súa pertenza a este período histórico, así como a súa relación cos aspectos socioculturais.</p>	<p>CCEC, CSC</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O Neoclasicismo. Reacción á atonalidade. Escolas e compositores representativos.</li> <li>- Danza neoclásica, expresionista alemá e moderna americana</li> </ul>		

Bloque 6: Outras músicas e culturas

Contidos	Criterios de avaliación	Competencias clave

<ul style="list-style-type: none"> <li>- A música e a danza popular moderna: música lixeira. <ul style="list-style-type: none"> <li>- O pop-rock</li> </ul> </li> <li>- Cante e baile flamenco.</li> <li>- A importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine. - Teatro musical europeo e americano a comezos do século XX.</li> <li>- Orixe e desenvolvemento da música de Jazz.</li> <li>- A música exótica, étnica, folclórica, popular.</li> <li>- A música e a danza nos ritos, tradicións e festas.</li> <li>- Estilos de canto, melodías, escalas, texturas, ritmos. Organoloxía.</li> <li>- Valores estéticos da tradición non occidental</li> </ul>	<p>BL6.1. Analizar as características de obras de música e danza da música popular moderna, do jazz, do flamenco, da música tradicional a través da audición ou do visionado, xustificando a súa pertenza a este período histórico, así como a súa relación cos aspectos socioculturais.</p>	<p>CCEC, CSC</p>
--	--	------------------

Ademais das probas obxetivas valorarase positivamente a realización de traballos (2 máximo por avaliación).

### 13. Historia do Mundo Contemporáneo .- PROENS

#### 14. Historia da Arte. 2º de Bacharelato: -

Introdución e contextualización:

A Historia da Arte ten que aportar os coñecementos necesarios para a análise, interpretación e valoración das obras de arte, a través de distintas metodoloxías e procedementos adecuados para a súa apreciación global e para contribuír a desenvolver a sensibilidade artística.

As obras de arte son testemuñas históricas coas que visualizamos e recreamos, dalgún xeito, unha época, unha sociedade, polo que cómpre estudar a obra de arte no seu contexto sociocultural como punto de partida para a análise dos diferentes factores e circunstancias implicadas no proceso da creación da obra, sen esquecer as novas dimensións que adquiren co paso do tempo.

A importancia do patrimonio artístico, os desafíos que presenta a súa conservación, o potencial de recursos que contén constitúe outro motivo fundamental que demanda unha adecuada formación que promova o seu coñecemento, deleitación e conservación como legado que debe transmitirse ás xeracións do futuro, e dunha forma moi especial ás da nosa Comunidade Autónoma de Galicia.

A dificultade de abarcar a amplitude e complexidade da Historia da Arte fai necesaria unha selección dos contidos que permitan unha aproximación xeral ó desenvolvemento da arte de Occidente, cunha especial atención á arte contemporánea e á de Galicia. En coherencia con isto, e seguido as indicacións proporcionadas polos grupos de traballo de CIUG exclúense os temas de Arte prehistórica, exipcia e mesopotámica e faise fincapé nas obras indicadas na listaxe elaborada pola CIUG e no vocabulario de termos artísticos obxecto do exame das ABAU.

- Libros recomendados:

Para facilitar o traballos alumnos nunha modalidade como a semipresencial, utilizamos as guías didácticas do alumnado de bacharelato semipresencial da Consellería de Educación e, no relativo aos libros de texto, seguimos as indicacións dos autores das devanditas guías. Neste caso traballárase co libro de ÁLVARO LÓPEZ, Milagros, *Historia da Arte. Bacharelato*. Segundo Curso, Vigo, Xerais, 2014.

- Obxectivos xerais:

- Comprender e valorar os cambios na concepción da arte e as súas distintas funcións ó longo da historia.

- Entender as obras de arte na súa globalidade, como expoñentes da creatividade humana, susceptibles de ser admiradas por si mesmas, e de seren valoradas como documento testemuñal dunha época histórica, dunha sociedade e dunha cultura.

- Manexar a linguaxe artística de cada unha das artes visuais e utilizar diferentes metodoloxías para a análise das obras da arte desenvolvendo, ó tempo, a propia sensibilidade e a imaxinación.

- Recoñecer e diferenciar as manifestacións artísticas máis destacadas dos principais estilos e artistas da arte occidental e, particularmente, as de Galicia, situándoas no seu contexto histórico, valorando as posibles influencias e a súa pervivencia na arte posterior.

- Recoñecer a través dos cambios iconográficos dun mesmo tema a modificación dos valores estéticos, de mentalidade e pensamento propio de cada estilo artístico, do seu contexto histórico e da personalidade do artista.

- Realizar actividades de documentación e investigación a partir de fontes diversas sobre determinados aspectos da historia da arte.

- Coñecer, valorar e apreciar patrimonio artístico, especialmente o de Galicia, contribuíndo á súa conservación como fonte de riqueza e posibilitando que se transmita ás futuras xeracións.

- Contribuír á formación estética, analítica e crítica, así como á capacidade de comunicar a empatía ante as creacións artísticas.

- Contidos:

### 1. A arte grega.

1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Entender a influencia do pensamento racional grego no campo da arte.

- Distinguir os elementos construtivos gregos e a tipoloxía dos templos.

- Sentar as bases do comentario dun edificio en planta e en alzado.

- Coñecer a evolución da escultura grega. Aprender a ler unha escultura nos seus aspectos formais.

- Comprender a importancia do legado grego na nosa civilización

2. Contidos:



### 2.1. Conceptos:

- O inicio do mundo clásico.
- O pensamento grego.
- A arquitectura grega.
- A escultura grega.
- A escultura do período arcaico.
- A escultura do período clásico.
- A escultura do período helenístico.
- A evolución da escultura grega.

### 2.2. Procedementos:

- Lectura conxunta de textos sobre o pensamento político en Exipto e en Grecia.
- Análise de esculturas exipcias e gregas e dedución, a partir da súa observación, do pensamento político da civilización que as creou.
- Observación de plantas e alzados de edificios gregos.
- Análise das características de templos gregos.
- Comparación entre templos gregos e exipcios.
- Análise de esculturas gregas.
- Comparación de esculturas do período arcaico, clásico e helenístico.
- Definición do vocabulario artístico específico da unidade. - Observación da influencia da arte clásica na propia localidade

### 3. Criterios de avaliación:

- Expoñer razoadamente as consecuencias que o pensamento racional grego tivo na arquitectura e nas artes plásticas.
- Relacionar a maneira de pensar do mundo grego coas súas realizacións.
- Enumerar as características das ordes arquitectónicas gregas.

- Coñecer os tipos de templos gregos e os seus elementos diferenciadores.
- Comentar un templo grego e distingue as súas características.
- Diferenciar os períodos da escultura grega.
- Sinalar os aspectos formais dunha escultura grega.
- Indicar aspectos da nosa cultura que se poden considerar herdanza do mundo grego.

#### 4. Desenvolvemento das competencias clave:

- Respecto polo patrimonio artístico.
- Valoración da incidencia do pensamento na arte.
- Valoración da historia como elemento conformador do presente.
- Interese por desenvolver un gusto estético persoal e respecto pola diversidade de percepcións e de sensacións persoais ante unha obra de arte.

### 2. A arte romana.

#### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Diferenciar a arte grega da romana.
- Entender o carácter utilitario da arte romana e comprender a influencia do pensamento na concepción dos edificios
- Analizar as características do relevo e a escultura romanas e as súas transformacións no tempo.
- Distinguir a importancia dos materiais e o dominio da técnica no proceso escultórico.
- Indicar a influencia do cristianismo nas artes plásticas do mundo romano.
- Coñecer o legado de Roma
- Coñecer os presupostos construtivos propios da arquitectura romana.

#### 2. Contidos:

##### 2.1. Conceptos:

- A orixinalidade romana.

- A arquitectura.
- Tipos de edificios romanos.
- Características técnicas.
- Os primeiros edificios cristiáns.
- O novo simbolismo dos edificios bizantinos.
- A escultura e o relevo.
- Retrato.
- Relevo histórico.
- A Iberia romana.
- A romanización de Gallaecia.

## 2.2. Procedementos.

- Observación de plantas e alzados de edificios romanos.
- Observación comparativa de distintos opus empregados nos edificios romanos.
- Análise comparativa de plantas e alzados de templos romanos con diferentes tipos de cuberta.
- Comentario de edificios romanos de diversas tipoloxías construtivas.
- Lectura e comparación de relevos de diferentes períodos.
- Análise da degradación técnica do relevo romano.
- Observación de plantas de templos paleocristiáns e bizantinos.
- Comparación de plantas bizantinas de diferentes momentos.
- Definición do vocabulario artístico específico da unidade.

## 3. Criterios de avaliación:

- Expón as características que diferencian a arte grega da romano.
- Expón a influencia do carácter práctico romano nas súas manifestacións artísticas.
- Analiza as tipoloxías construtivas romanas.

- Le os elementos constitutivos dun templo romano.
- Distingue os elementos construtivos propios da arquitectura romana.
- Analiza a evolución da escultura e o relevo romanos.
- Recoñece os elementos diferenciadores da escultura e o relevo romanos.
- Expón as características dos distintos materiais utilizados na escultura romana.
- Aprecia a evolución técnica das artes plásticas romanas.
- Analiza as consecuencias da expansión do cristianismo na arte romana.
- Indica aspectos da nosa cultura que se poden considerar herdanza do mundo romano.

#### 4. Desenvolvemento das competencias clave:

- Respecto polo patrimonio artístico.
- Valoración da incidencia do pensamento na arte.
- Comprensión e aceptación das diferentes concepcións artísticas.
- Rexeitamento da intolerancia social e relixiosa.
- Valoración dos problemas de conservación do patrimonio romano na nosa zona.
- Valoración da influencia dos factores históricos na obra de arte.

### 3. O prerrománico.

#### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Comprender a importancia da desintegración do imperio romano na formación da arte de cada zona.
- Recoñecer a estética bárbara.
- Localizar os diferentes estilos prerrománicos.
- Distinguir os elementos característicos dos prerrománicos hispánicos e a súa incidencia en Galicia.
- Establecer correspondencias entre planta e alzado dun mesmo edificio.
- Coñecer as causas do empobrecemento plástico propio da arte prerrománica.

- Identificar as características das artes plásticas do prerrománico.

## 2. Contidos:

### 2.1. Conceptos:

- O primeiro prerrománico.
- A herdanza de Roma.
- A estética bárbara.
- Os intentos definitivos.
- A arte carolinxia.
- A arte ástur.
- A arte mozárabe ou de repoboación.

### 2.2. Procedementos:

- Observación de motivos ornamentais propios do prerrománico.
- Observación do alzado da Capela Palatina de Aquisgrán.
- Análise de edificios da arte asturiana.
- Análise comparativa de plantas de arquitectura visigótica.
- Definición do vocabulario artístico propio do período.
- Elaboración dunha lista cos materiais empregados en cada estilo artístico, as súas vantaxes e inconvenientes.

## 3. Criterios de avaliación

- Diferencia as contribucións de Roma e do mundo bárbaro á arte prerrománica.
- Explica a importancia do contorno histórico na formación dos diferentes prerrománicos.
- Enumera os elementos propios da arte prerrománica.
- Clasifica os distintos prerrománicos pola lectura formal de varias obras.
- Expón as características diferenciadoras dos prerrománicos hispánicos e os seus exemplos en Galicia.

- Comenta a planta e o alzado dun edificio prerrománico.
- Analiza a evolución da plástica desde a fin do imperio romano.
- Recoñece as características das artes plásticas do prerrománico.

#### 4. Desenvolvemento das competencias clave:

- Interese por coñecer os problemas de conservación do patrimonio artístico de todos os períodos.
- Valoración do carácter cotián da linguaxe arquitectónica.
- Valoración da incidencia do pensamento relixioso na arte.

#### 4. O románico.

##### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Localizar a expansión da arte románica.
- Coñecer a importancia da Igrexa no proceso de unificación da arte europea.
- Entender a importancia das peregrinacións no mundo medieval e a transcendencia do Camiño de Santiago.
- Identificar os elementos construtivos propios do románico.
- Recoñecer e comprender a linguaxe plástica románica.
- Identificar o pouso do mundo clásico.
- Establecer a importancia da catedral de Santiago na arquitectura e na escultura románicas.

##### 2. Contidos:

###### 2.1. Conceptos:

- A espiritualidade nos séculos do románico.
- Diferentes tipos de cristiáns.
- Peregrinacións e cruzadas.
- A expansión dos mosteiros.
- A arquitectura románica.

- Características xerais.
- A arquitectura do Camiño de Santiago.
- A escultura románica.
- Carácter didáctico da escultura.
- Mestre Mateo: unha excepción na súa época.

## 2.2. Procedementos:

- Observación de gráficos dos elementos construtivos característicos do románico.
- Observación de plantas e alzados de igrexas románicas.
- Análise de edificios románicos pertencentes a diferentes países.
- Establecemento das características comúns e das peculiaridades de edificios románicos de diferentes países.
- Análise de relevos románicos de períodos diferentes.
- Comparación de relevos de diferentes momentos.
- Análise comparativa do beato de Liébana e dunha pintura románica leridana.
- Definición do vocabulario artístico propio do período.
- Elaboración dunha táboa que recolla as funcións que poden desempeñar os distintos arcos.

## 3. Criterios de avaliación:

- Sitúa nun mapa a zona de expansión da arte románica.
- Explica o papel da Igrexa na formación da arte románica.
- Expón o alcance e a influencia das peregrinacións na mentalidade do home medieval.
- Analiza a importancia do Camiño de Santiago na expansión da arte románica.
- Enumera os elementos construtivos dos edificios románicos.
- Expón as características da plástica románica.
- Comenta un tímpano románico e explica a ideoloxía que transmiten as súas figuras.
- Explica os elementos característicos da pintura mural románica.

- Enumera os elementos da arte prerrománica herdados de Roma. - Distingue a arquitectura e a escultura propias do Camiño de Santiago

#### 4. Desenvolvemento das competencias clave:

- Respecto pola contorna artística.
- Desenvolvemento da sensibilidade artística.
- Valoración positiva de criterios de beleza diferentes ós propios.
- Valoración da incidencia do pensamento relixioso na arte.
- Interese por coñecer os problemas de conservación do patrimonio artístico de todos os períodos.
- Sensibilidade e preocupación por conservar o contorno artístico local - Enumera os elementos da arte prerrománica herdados de Roma.
- Distingue a arquitectura e a escultura propias do Camiño de Santiago.

#### 5. O gótico.

##### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Analizar e valorar a importancia do cambio social na sociedade urbana.
- Recoñecer os elementos arquitectónicos característicos do gótico.
- Interpretar a importancia das innovacións técnicas na edificación das grandes catedrais góticas.
- Identificar as innovacións dos programas iconográficos das igrexas.
- Explicar os ideais estéticos e simbólicos dos espazos góticos.
- Diferenciar as técnicas pictóricas que xorden no período gótico.
- Ler, nos seus aspectos formais, un cadro.

##### 2. Contidos:

###### 2.1. Conceptos:

- O gótico, unha arte nova.



- A arte dos mosteiros cistercienses.
- As catedrais góticas e a luz.
- A base construtiva das catedrais.
- Os construtores das catedrais.
- Os outros edificios das cidades góticas.
- A escultura renovada.
- A presenza da pintura.
- Dúas excepcións: Giotto e Van Eyck.

## 2.2. Procedementos:

- Observación do esquema dun mosteiro cisterciense.
- Observación dos elementos de contrarresto, da planta e do alzado das catedrais góticas.
- Análise das catedrais de Burgos, León e Palma de Mallorca.
- Comparación entre as catedrais góticas de Burgos, León e Palma de Mallorca.
- Análise de esculturas de diferentes momentos.
- Comparación de esculturas góticas en diferentes momentos do estilo.
- Lectura dos frescos da capela dos Scrovegni en Padua, de Giotto.
- Definición do vocabulario artístico propio do período.
- Comparación das técnicas pictóricas do fresco e do óleo e análise das vantaxes de cada unha.

## 3. Criterios de avaliación:

- Explica o papel desempeñado pola burguesía no desenvolvemento do gótico.
- Enumerar as partes constitutivas das catedrais góticas.
- Expón os elementos propios dos edificios cistercienses.
- Describe a influencia das innovacións técnicas no desenvolvemento en altura característico do gótico.

- Analiza a distribución espacial da iconografía gótica.
- Explica os elementos dos programas iconográficos das catedrais góticas.
- Distingue a evolución da escultura gótica.
- Expón as peculiaridades do fresco e do óleo.
- Comenta as obras pictóricas de Van Eyck e Giotto mediante unha lectura comprensiva.

#### 4. Desenvolvemento de competencias clave:

- Fomento dunha actitude de respecto e comprensión ante os diferentes conceptos de arte.
- Desenvolvemento da sensibilidade artística.
- Potenciación da relación entre pensamento e manifestación artística.
- Valoración da importancia da aparición dun novo grupo social na arte.
- Sensibilización ante a obra de arte como manifestación da creatividade humana e como conciencia crítica da historia.

### 6. O Renacemento I.

#### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Analizar e valorar a importancia do cambio de pensamento nas cidades italianas.
- Interpretar o renacemento como un camiño por percorrer, non como un concepto pleno desde a súa aparición.
- Identificar os elementos clásicos que rexorden na arquitectura e nas artes plásticas.
- Distinguir as características construtivas do renacemento italiano do século XV.
- Recoñecer un edificio renacentista polos seus elementos formais.
- Comentar unha escultura renacentista.
- Explicar o nacemento da perspectiva na pintura e recoñecer os cambios pictóricos.
- Analizar e comentar unha pintura renacentista.

#### 2. Contidos:

##### 2.1. Conceptos:

- Italia, berce do Renacemento.
- Os mecenas.
- A consideración social do artista.
- Os antecedentes.
- Florencia, a cidade do Quattrocento.
- Os cambios na arquitectura: Brunelleschi.
- Os cambios na escultura: Donatello.
- Os cambios na pintura: Masaccio.

## 2.2. Procedementos:

- Observación de plantas e fachadas de edificios renacentistas.
- Observación de esculturas do período.
- Análise de pinturas de diferentes séculos.
- Comparación entre pinturas do gótico tardío e do Quattrocento.
- Definición do vocabulario artístico propio do período.
- Realización dun esquema da evolución da escultura desde a Prehistoria ata o Renacemento.
- Elaboración de fichas de observación de edificios da localidade de diversas épocas.

## 3. Criterios de avaliación:

- Relaciona o contorno histórico coas manifestacións artísticas do momento.
- Describe o proceso gradual de formación e consolidación da arte renacentista.
- Enumera as contribucións da arte clásico ó renacemento.
- Explica as características da arquitectura do século XV.
- Enumera os elementos propios dun edificio renacentista.
- Comenta unha escultura segundo os novos presupostos renacentistas.
- Describe o proceso de descubrimento da perspectiva en pintura.

- Expón os cambios na pintura con respecto ó mundo gótico.
- Analiza e comenta as obras pictóricas renacentistas.

#### 4. Desenvolvemento das competencias clave:

- Fomento do respecto polos diferentes conceptos de beleza.
- Desmitificación da linguaxe da arte, facéndoa máis cotiá.
- Valoración da arte que nos rodea na vida cotiá.
- Xuízo crítico sobre a influencia da relixión na historia occidental.
- Valoración do protagonismo dos mecenas no proxecto e a creación das obras e nos programas artísticos.

### 7. O Renacemento II.

#### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Recoñecer o cambio de pensamento que diferencia o século XV do XVI.
- Comprender a influencia dos cambios sociais e políticos na aparición de novos mecenas.
- Identificar os cambios na arquitectura.
- Identificar os cambios na escultura.
- Recoñecer a pintura do século XVI, comparándoa coa do século XV.

#### 2. Contidos:

##### 2.1. Conceptos:

- A época do Alto Renacemento.
- Roma, a cidade dos papas.
- Venecia, novo foco artístico.
- A Península Italiana no cambio de século.
- As concepcións arquitectónicas de Bramante e Rafael.
- Os cambios na pintura.
- Leonardo e o intimismo pictórico.

- Rafael e os grandes frescos.
- Tiziano e a escola veneciana.
- A difusión do renacemento fóra de Italia.

## 2.2. Procedementos:

- Observación das sucesivas fases construtivas de San Pedro do Vaticano.
- Observación de edificios renacentistas de distintas tipoloxías.
- Análise das formas xeométricas na pintura renacentista.
- Observación de obras pictóricas.
- Definición do vocabulario artístico propio do período.
- Identificación de plantas de distintos períodos artísticos.

## 3. Criterios de avaliación:

- Expón os cambios de pensamento que marcan o cambio de século.
- Describe as transformacións sociais e políticas do período renacentista.
- Comenta os cambios nas plantas e alzados dos edificios do Alto Renacemento.
- Enumera os cambios na escultura do Alto Renacemento.
- Distingue a pintura dos séculos XV e XVI mediante a lectura e comentario de obras.
- Recoñece as características propias dos grandes pintores do momento.
- Identifica as características da escola veneciana.

## 4. Desenvolvemento das competencias clave:

- Fomento do respecto polos diferentes criterios de beleza.
- Respecto polas diferentes mensaxes que a obra de arte pode transmitir.
- Desmitificación da linguaxe da arte, facéndoa máis cotiá.
- Valoración da arte que nos rodea na vida cotiá.
- Consideración crítica dos valores morais que transmiten as obras pictóricas.

## 8. A ruptura do clasicismo.

### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Valorar a figura de Miguel Anxo como home renacentista.
- Analizar a incidencia do pensamento relixioso de Miguel Anxo na súa evolución artística.
- Diferenciar esculturas pertencentes ó período máis clásico das propias da etapa final da súa obra.
- Interpretar a concepción da cor en Miguel Anxo Explicar o concepto de manierismo e identificar obras manieristas.
- Valorar os labores metódicos dun proceso de restauración.

### 2. Contidos:

#### 2.1. Conceptos:

- Miguel Anxo.
- Un home renacentista.
- Recoñecemento social do artista.
- Os seus mecenas.
- As primeiras obras.
- Período de madurez.
- Os últimos anos.
- Manierismo.
- A evolución das artes no Renacemento.

#### 2.2. Procedementos:

- Observación de obras pictóricas e escultóricas de Miguel Anxo.
- Análise de obras pictóricas de Miguel Anxo pertencentes a diferentes períodos.
- Comentario comparativo de obras pictóricas, con especial atención ós elementos de cambio e permanencia.

- Análise de esculturas de Miguel Anxo de distintas épocas.
- Comentario comparativo das obras escultóricas de Miguel Anxo.
- Observación das diferentes maneiras de tratar un mesmo tema iconográfico ó longo do renacemento.
- Observación dos cambios na concepción do palacio ó longo do renacemento.
- Definición do vocabulario artístico propio do período.
- Análise comparativa do concepto de “artista” ó longo do tempo.

### 3. Criterios de avaliación:

- Analiza e expón a relación de Miguel Anxo coa súa época.
- Describe a influencia da relixión na obra de Miguel Anxo.
- Recoñece a evolución da escultura de Miguel Anxo a través do comentario razoado das súas obras.
- Identifica as características propias da pintura de Miguel Anxo e a súa evolución.
- Recoñece as características do manierismo en arquitectura, escultura e pintura.
- Recoñece as obras propias do manierismo.
- Describe o proceso de restauración da Capela Sixtina.

### 4. Desenvolvemento das competencias clave:

- Respecto polos diferentes criterios de beleza.
- Valoración da mensaxe implícita na pintura renacentista.
- Potenciación da sensibilidade artística.
- Valoración da arte que nos rodea na vida cotiá.
- Discriminación dos códigos morais que informan as obras de arte da época.

### 9. A arte da Contrarreforma.

#### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Comprender o fenómeno da Contrarreforma como unha consecuencia do pensamento humanista do Renacemento.
- Diferenciar os conceptos de manierismo e arte da Contrarreforma.
- Comprender os elementos característicos que marcan a arte contrarreformista.
- Diferenciar as características dos diferentes períodos do renacemento español en arquitectura, así como a súa orixinalidade fronte ó renacemento Italiano.
- Identificar as características pictóricas do Greco. Diferenciar os elementos formais da obra do Greco que permiten catalogalo como manierista.
- Analizar a influencia do pensamento contrarreformista na temática do Greco.

## 2. Contidos:

### 2.1. Conceptos:

- A época da Contrarreforma.
- A arte da Contrarreforma.
- Renacemento e Contrarreforma en España.
- A difusión do humanismo renacentista en España.
- A arte na época de Felipe II
- El Escorial.
- A pintura do Greco.

### 2.2. Procedementos:

- Análise de obras arquitectónicas de distintos momentos do período.
- Comparación entre obras arquitectónicas de distintos momentos do período.
- Observación do alzado de El Escorial.
- Observación de obras pictóricas de diferentes períodos dun mesmo artista.
- Definición do vocabulario artístico propio do período.
- Elaboración dun esquema sobre os elementos ornamentais estudados.



### 3. Criterios de avaliación:

- Analiza e expón as causas da Contrarreforma.
- Explica a relación entre a Contrarreforma e a arte do período.
- Diferencia razoadamente o manierismo da arte da Contrarreforma.
- Identifica as características da arte contrarreformista.
- Identifica o complexo de El Escorial como obra característica da Contrarreforma e, ó tempo, de influencias manieristas.
- Enumera as características propias da arquitectura renacentista en España.
- Describe os elementos diferenciadores da obra do Greco.
- Distingue e enumera os aspectos manieristas da obra do Greco.
- Recoñece a temática contrarreformista polo comentario razoado da obra do Greco.

### 4. Desenvolvemento das competencias clave:

- Respecto polos criterios de beleza diferentes.
- Valoración e respecto polos sentimentos relixiosos que marcan a obra dalgúns pintores.
- Potenciación da sensibilidade artística.
- Rexeitamento da intransixencia relixiosa.
- Consideración das consecuencias da unificación de relixión e poder.
- Sensibilidade e interese polo coñecemento e conservación do patrimonio artístico e cultural do noso país.

## 10. O Barroco.

### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Comprender o estilo barroco como un paso máis dentro da volta ó clasicismo da arte renacentista.
- Entender o concepto dinámico do barroco na arquitectura e como se manifesta.

- Comprender a influencia das distintas realidades socio-políticas europeas nas manifestacións artísticas do barroco.
- Interpretar unha escultura segundo os presupostos estéticos do barroco.
- Interpretar unha pintura segundo os presupostos estéticos do barroco.
- Analizar as diferencias pictóricas do renacemento e do barroco.
- Identificar polo tratamento da luz, a temática e a cor cadros pertencentes á escola belga e á holandesa.
- Analizar, a partir dos principios vistos na aula, unha obra da cidade na que viven.

## 2. Contidos:

### 2.1. Conceptos:

- Barroco, arte do movemento.
- Termo “barroco”.
- A época.
- A arquitectura barroca.
- Urbanismo.
- O movemento na arquitectura.
- Variedade do barroco europeo.
- A vitalidade da escultura.
- A pintura e as novas temáticas.
- Caravaggio e o tenebrismo.
- A pintura holandesa e a burguesía.
- A escola belga e a aristocracia

### 2.2. Procedementos:

- Observación de plantas e fachadas barrocas diversas.
- Análise de obras escultóricas.

- Comentario de obras escultóricas.
- Observación de obras pictóricas italianas, holandesas e belgas.
- Definición do vocabulario artístico propio do período.
- Elaboración dun cadro sintético sobre as cúpulas e os elementos de soporte en arquitectura.

### 3. Criterios de avaliación:

- Analiza e expón o proceso evolutivo que leva da arte renacentista ó barroco.
- Enumera os elementos da arquitectura barroca que a dotan de movemento.
- Distingue unha planta renacentista doutra barroca.
- Explica o porqué das diferentes temáticas pictóricas e escultóricas do barroco.
- Analiza e comenta unha escultura barroca.
- Analiza e comenta unha pintura barroca.
- Expón detalladamente os elementos que diferencian a pintura renacentista da barroca.
- Distingue obras pertencentes á pintura belga e á holandesa.
- Realiza un comentario sobre unha obra barroca da túa localidade, ou no seu defecto dunha localidade próxima.

### 4. Desenvolvemento das competencias clave:

- Valoración e respecto dos conceptos de beleza diferentes ó propio.
- Interese pola lectura dun cadro máis alá dos seus aspectos estéticos.
- Fomento da sensibilidade artística.
- Interese polo coñecemento da propia cidade.
- Recoñecemento da diversidade cultural de Europa.

## 11. O Barroco español.

### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Comprender a importancia das novas estéticas na remodelación das cidades españolas.
- Comprender a continuidade da ideoloxía contrarreformista en España.

- Identificar as notas características da arquitectura barroca española e galega.
- Analizar as características propias da escultura barroca hispana.

Indicar as peculiaridades da pintura barroca hispana e identificar as súas obras.

- Valorar a importancia da figura de Velázquez na pintura española.
- Diferenciar distintos tipos de pincelada dentro dunha obra.
- Comparar obras pictóricas das diferentes escolas españolas.

## 2. Contidos:

### 2.1. Conceptos:

- A arte do Século de Ouro.
- A arquitectura e o urbanismo.
- Foco compostelán.
- As prazas maiores.
- Os palacios dos Borbóns.
- A escultura.
- Gregorio Hernández.
- Martínez Montañés.
- Os outros focos escultóricos.
- A pintura.
- Ribera, o introdutor do tenebrismo.
- Zurbarán, a temática relixiosa.
- Murillo, os cadros de xénero.
- Velázquez, pintor da corte.

### 2.2. Procedementos:

- Análise de edificios barrocos galegos e hispanos de diferentes momentos.

- Comentario de edificios barrocos galegos e hispanos de diferentes momentos.
- Comparación entre edificios barrocos galegos e hispanos de diferentes momentos.
- Observación de esculturas barrocas hispanas.
- Observación de obras pictóricas de artistas barrocos españois.
- Definición do vocabulario artístico propio do período.
- Elaboración dun cadro esquemático identificando os distintos tipos iconográficos, os elementos que permiten recoñecelos e os períodos en que aparecen.
- Visita a igrexas da localidade e elaboración de fichas descritivas de imaxes de santos e virxes.

### 3. Criterios de avaliación:

- Analiza e expón a importancia que a arte barroca outorga ó urbanismo.
- Describe os elementos que permiten falar de continuidade da arte contrarreformista en España.
- Explica os elementos diferenciadores da arquitectura barroca en España e en Galicia.
- Analiza e comenta unha escultura barroca.
- Analiza e comenta obras pictóricas do barroco español.
- Analiza e comenta a obra pictórica de Velázquez.
- Expón as razóns que converten a Velázquez nun pintor universal.
- Realiza un comentario razoado sobre os tipos de pincelada nun cadro de Velázquez.
- Explica as diferencias entre as escolas pictóricas barrocas en España.

### 4. Desenvolvemento das competencias clave:

- Respecto pola mensaxe contida na escultura barroca hispana.
- Consideración da influencia da relixión católica no devir de España durante os séculos do barroco.
- Comprensión das insuficiencias dos modelos relixiosos e autoritarios de organización política da sociedade.

- Comprensión da importancia das manifestacións artísticas que nos rodean.
- Fomento da sensibilidade artística.
- Interese polo coñecemento da propia cidade.

## 12. Do Neoclasicismo ás Vangardas.

### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Comprender a enorme incidencia dos cambios históricos na arte do século XIX.
- Analizar a separación profunda que a partir de fins do século XIX se dá entre a arquitectura e as artes plásticas.
- Entender os principios que guían a cada movemento artístico e ser capaces de recoñecelos a través das súas manifestacións nas artes plásticas.
- Comprender a importancia sociolóxica e artística de Goya dentro do século XIX español.
- Identificar obras do impresionismo.
- Exercitarse no recoñecemento das novas técnicas pictóricas.

### 2. Contidos:

#### 2.1. Conceptos:

- Neoclasicismo.
- Nacemento do neoclasicismo.
- Reformismo borbónico.
- Características do estilo.
- Napoleón e o neoclasicismo.
- Goya, un pintor excepcional.
- Romanticismo e o realismo.
- Impresionismo.
- Impresionismo na pintura.
- Impresionismo na escultura.

- Os precursores das vangardas.

## 2.2. Procedementos:

- Recoñecemento dos elementos construtivos das ordes clásicas.
- Observación de obras do período.
- Análise de obras de Goya de diferentes períodos.
- Comentario comparado de obras de Goya, atendendo á súa evolución estilística.
- Observación das características do romanticismo, do realismo e do impresionismo a través das súas obras.
- Definición do vocabulario artístico propio do período.
- Elaboración dun esquema analizando o tratamento da luz en cada período artístico estudado desde o Renacemento.

## 3. Criterios de avaliación:

- Analiza e expón as principais transformacións históricas no século XIX.
- Relaciona as transformacións económicas, sociais e políticas do século XIX coas manifestacións artísticas do período.
- Expón as razóns da separación entre arquitectura e artes plásticas no século XIX.
- Recoñece e comenta un edificio neoclásico.
- Explica os elementos diferenciadores dos distintos movementos artísticos do século XIX.
- Analiza e comenta a obra de Goya.
- Analiza e comenta obras pictóricas do impresionismo.
- Analiza e comenta obras de diferentes autores e movementos.

## 4. Desenvolvemento das competencias clave:

- Respecto polos criterios de beleza diferentes ó propio.
- Valoración da forma de pensar de sociedades diferentes á propia.
- Valoración da importancia do legado artístico como testemuño histórico.

- Comprensión do valor de testemuño da pintura.
- Consideración dos avances que as revolucións políticas e económicas proporcionaron para a mellora das condicións de vida e dos dereitos sociais e políticos da poboación.

### 13. A arquitectura contemporánea.

#### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Analizar a incidencia dos novos materiais construtivos na estética arquitectónica dos séculos XIX e XX.
- Interpretar o crecemento das cidades, as novas necesidades urbanas e a súa influencia nos deseños urbanos do período.
- Identificar os cambios no desenvolvemento da propia cidade.
- Coñecer a obra de Gaudí na cidade de Barcelona.
- Coñecer as bases ideolóxicas e construtivas dos movementos arquitectónicos de maior transcendencia nos séculos XIX e XX.

#### 2. Contidos:

##### 2.1. Conceptos:

- As novas necesidades urbanas.
- A arquitectura historicista e os novos materiais.
- A arquitectura historicista.
- A introdución de novos materiais.
- A arquitectura moderna.
- Modernismo.
- A Escola de Chicago.
- A Bauhaus.
- Le Corbusier e o funcionalismo.
- Frank Lloyd Wright e o organicismo.
- A arquitectura de fin de século.



## 2.2. Procedementos:

- Observación de edificios característicos do século XIX.
- Análise de obras historicistas.
- Comentario de obras historicistas.
- Observación das obras de Gaudí, da Escola de Chicago, de Mies van der Rohe, de Le Corbusier, de Frank Lloyd Wright e do fin de século.
- Definición do vocabulario artístico propio do período.
- Elaboración dunha táboa comparativa establecendo os elementos arquitectónicos que son condicionados polo afán urbanístico en cada período artístico.

## 3. Criterios de avaliación:

- Analiza e expón as consecuencias da introdución dos novos materiais na arquitectura.
- Expón as consecuencias do crecemento urbano na arquitectura.
- Relaciona os novos deseños arquitectónicos co crecemento das cidades.
- Describe os cambios producidos nos últimos cen anos observables no desenvolvemento arquitectónico da súa cidade.
- Analiza e comenta as obras de Gaudí en Barcelona.
- Comenta razoadamente unha arquitectura historicista e diferénciala do seu estilo orixinal.
- Recoñece a través dunha diapositiva os elementos característicos dun edificio modernista, diferenciándoos dos da escola de Chicago.
- Identifica e comenta razoadamente obras do funcionalismo e do organicismo e explica as súas contribucións á arquitectura.

## 4. Desenvolvemento das competencias clave:

- Valoración do patrimonio artístico.
- Comprensión e aprecio do contorno urbano desde unha nova perspectiva histórica.
- Respecto polo contorno urbano no que se vive.
- Interese polo coñecemento da propia cidade.

- Consideración da cidade como produto da historia.

#### 14. A plástica da primeira metade do século XX.

##### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Entender e criticar de forma razoada o proceso de desaparición da arte figurativa.
- Analizar a incidencia do devir histórico do século XX na aparición e superación das novas estéticas
- Alcanzar unha adecuada comprensión da panorámica da arte da primeira metade do século XX.
- Distinguir os elementos diferenciadores dos movementos artísticos da primeira metade do século XX.
- Analizar formalmente obras de diferentes movementos.

##### 2. Contidos:

###### 2.1. Conceptos:

- A plástica no novo século.
- As vangardas.
- Fauvismo.
- Expresionismo.
- Cubismo e Picasso.
- Futurismo.
- Dadaísmo.
- Surrealismo.
- A abstracción.
- As vangardas galegas.

###### 2.2. Procedementos:

- Observación de obras pictóricas das vangardas.

- Lectura de comentarios artísticos de Matisse, Chagall, Munch, Gris, Julio González ou David Smith.
- Lectura do manifesto do futurismo de Marinetti e do manifesto técnico da escultura futurista de Boccioni.
- Lectura do manifesto dadá de Tristán Tzara e do manifesto do surrealismo de André Breton.
- Lectura do primeiro manifesto da revista De Stijl.
- Definición do vocabulario artístico propio do período.
- Elaboración dun esquema sobre o predominio formal ou da creatividade ó longo da historia da arte.

### 3. Criterios de avaliación:

- Analiza e expón o proceso de desaparición da arte figurativa.
- Relaciona as vangardas co contexto histórico correspondente.
- Expón con claridade as características da arte da primeira metade do século XX.
- Recoñece en obras diferentes os elementos característicos e definitorios das diferentes vangardas da primeira metade do século XX.
- Analiza e comenta obras de vangarda.

### 4. Desenvolvemento das competencias clave:

- Respecto polos criterios actuais de arte.
- Desenvolvemento da capacidade crítica para enfrontarse ós novos recursos estéticos.
- Consideración das artes plásticas como unha expresión dos valores dunha sociedade.
- Interese por coñecer os postulados teóricos que conforman os novos movementos artísticos.
- Actitude aberta ante as linguaxes artísticas de vangarda como resposta a problemas estéticos.

## 15. A plástica contemporánea.

### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Distinguir os principais movementos da segunda metade do século XX e dos inicios do XXI a través dos seus trazos característicos
- Analizar a evolución das novas tendencias e a súa influencia en Galicia.
- Valorar a importancia do cartel como medio de expresión artística.
- Identificar a importancia do cine na estética do noso tempo e coñecer as tendencias actuais do cine en Galicia.
- Relacionar algunhas características do cine con movementos artísticos de vangarda.

## 2. Contidos:

### 2.1. Conceptos:

- A plástica da segunda metade do século XX.
- Expresionismo abstracto, o informalismo e a nova abstracción.
- A nova figuración.
- Conceptual art. A arte de acción.
- Panorámica da arte en Galicia.
- Os novos recursos expresivos.
- Cartel.
- Cómic.
- Fotografía.
- Cine.
- As vangardas e o cine europeo.
- Mercado da arte.

### 2.2. Procedementos:

- Observación de obras de arte actuais.
- Observación de obras de arte en formato cartel, cómic, fotografía ou cine.
- Definición do vocabulario artístico propio do período.

### 3. Criterios de avaliación:

- Describe os diferentes movementos artísticos na segunda metade do século XX e nos inicios do XXI.
- Interpreta adecuadamente o proceso de evolución da arte actual e a súa influencia en Galicia.
- Analiza e comenta obras pertencentes ás últimas tendencias artísticas.
- Expón con claridade os elementos que fan do cartel un medio de expresión artística de masas.
- Recoñece a relación entre arte e cine e coñece as tendencias actuais do cine en Galicia.
- Analiza e comenta películas e relaciónaas cos movementos artísticos de vangarda.

### 4. Desenvolvemento das competencias clave:

- Respecto polos criterios actuais de arte.
- Desenvolvemento da capacidade crítica para analizar os novos recursos estéticos.
- Consideración das artes plásticas como unha expresión dos valores dunha sociedade.
- Interese por coñecer os postulados teóricos que conforman os novos movementos artísticos.

#### - Contidos mínimos:

- A arte clásica: Grecia: A arquitectura grega. As ordes. Os templos. A acrópole de Atenas.

#### Comprensión da evolución da escultura grega.

- A arte clásica: Roma. A arquitectura: caracteres xerais. A cidade romana. Tipoloxías construtivas. Edificios para espectáculos: O Coliseo e o Teatro de Mérida. A arquitectura da Hispania romana (O Acueduto de Segovia).
- Arte paleocristiá e bizantina. Aportacións da primeira arte cristiá: a basílica. A nova iconografía. Arte bizantina. A época de Xustiniano: Santa Sofía de Constantinopla.
- O prerrománico. O contexto europeo. O prerrománico español e a súa incidencia en Galicia: visigodo e asturiano. Arte mozárabe ou de repoboación.
- A arte románica como a primeira definición de Occidente. A arquitectura: a igrexa románica. A arquitectura do Camiño de Santiago: a catedral de Santiago. A portada románica: as

Praterías. O Pórtico da Gloria. Os mosteiros cistercienses en Galicia: innovacións cara ó gótico (Mosteiro de Oseira).

- A arte gótica coma expresión da cultura urbana. O sistema construtivo. A catedral gótica. A humanización das artes figurativas na portada gótica: Chartres e Reims. As innovacións pictóricas: Giotto e Van Eyck.
- A arte do Renacemento. O Quattrocento italiano: a formulación dunha nova linguaxe. A arquitectura: Brunelleschi. A renovación da escultura: Donatello. O novo sistema de representación na pintura: Masaccio.
- O período clásico do Renacemento e o manierismo. O Cinquecento: clasicismo e manierismo na arte italiana. Bramante. A escultura de Miguel Anxo: da perfección do clasicismo á crise do Renacemento. A pintura: Leonardo, Rafael e Miguel Anxo. A escola veneciana: Tiziano. O Renacemento en España. Arquitectura: Inicios, clasicismo e manierismo. O Escorial. Pintura: o Greco.
- A arte barroca. Urbanismo e arquitectura na Roma barroca: Maderno e Bernini. O Barroco compostelán.
- As artes plásticas do Barroco. A escultura barroca: Bernini. A imaxinería española. A pintura barroca: O tenebrismo de Caravaggio. A pintura española: Velázquez.
- A arte europea nos finais do século XVIII e comezos do XIX. O Neoclasicismo e o Romanticismo: Goya.
- O camiño da modernidade: As artes figurativas na segunda metade do século XIX. O impresionismo: Monet e Manet. O postimpresionismo: Cezanne, Van Gogh e Gauguin.
- As vangardas históricas: as artes plásticas na primeira metade do século XX. Fauvismo e expresionismo. O cubismo e as súas variantes. Picasso. Os inicios da abstracción. Dadá e o surrealismo. Dalí.
- Arquitectura e urbanismo do século XX. A arquitectura moderna: o racionalismo. Le Corbusier. O organicismo: Wright. A arquitectura racionalista en Galicia (Fernández Albalat).
- Da abstracción ás últimas tendencias: as artes plásticas na segunda metade do século XX. O expresionismo abstracto e o informalismo (Pollock e Tapies). A nova figuración. A pop art (Warhol e Lichtenstein).

**Ademais das probas obxetivas valorarase positivamente a realización de comentarios de arte (2 máximo por avaliación).**

### **15. Xeografía. 2º de Bacharelato.**

- Introducción e contextualización:

De acordo co disposto no RD 231 de 2002, no proceso educativo, a materia de Xeografía debe axudar a comprender a organización espacial e a súa pluralidade, a percibir e estudar os problemas desde un punto de vista territorial e a relacionar o medio coa sociedade que o habita; é dicir: a xeografía estuda a organización do espazo terrestre, relacionando ó ser humano coa natureza.

Pártese do estudio da nosa realidade xeográfica, das súas características comúns e da súa diversidade, do medio natural e da intervención humana no espazo, tendo en conta tamén a súa dimensión europea e a súa posición no mundo. Galicia, España e Europa aparecen así definidas como territorios diferenciados dentro do mundo (rexión político-administrativa), pero ó mesmo tempo cunha gran variedade de contrastes que fan posible a análise territorial diferenciada.

En segundo lugar, cómpre ter en conta o desenvolvemento do pensamento lóxico formal dos alumnos de Bacharelato e as súas posibilidades de abstracción, conceptualización e xeneralización para afondar no coñecemento xeográfico e para relacionar e integrar datos nun campo concreto.

- Libros recomendados:

Para facilitar o traballo aos alumnos nunha modalidade como a semipresencial, utilizamos as guías didácticas do alumnado de bacharelato semipresencial da Consellería de Educación e, no relativo aos libros de texto, seguimos as indicacións dos autores das devanditas guías. Traballase co libro de MUÑOZ DELGADO, M<sup>a</sup> Concepción, *Xeografía, 2º Bacharelato*, Madrid, Anaya, 2014.

- Obxectivos xerais:

- Identificar e comprender os elementos básicos da organización territorial, utilizando conceptos, procedementos e destrezas especificamente xeográficas para explicar o espazo como unha realidade dinámica, diversa e complexa, na que interveñen múltiples factores.

- Comprender e analizar a realidade xeográfica de España e de Galicia como un espazo dinámico, que é o resultado da interacción de procesos sociais, económicos, tecnolóxicos e culturais, que actuaron nun marco natural e histórico particular.
- Coñecer e comprender a diversidade e a pluralidade do espazo xeográfico español, e identificar os grandes contrastes e a complexidade territorial derivada dos distintos factores naturais, históricos e de organización espacial que foron modelando a sociedade, a cultura e o territorio de forma interdependente.
- Explicar a posición de España e de Galicia nun mundo cada vez máis interrelacionado, no que coexisten, a un tempo, procesos de globalización na economía e de desigualdade socioeconómica, ante a que se formulan respostas locais; prestando unha atención especial á Unión Europea, as súas características territoriais e ás consecuencias da integración en España e en Galicia.
- Valorar a función do medio natural, dos recursos naturais e das actividades produtivas na configuración do espazo xeográfico español, recoñecer a súa relación mutua coa sociedade, percibir a condición do home como o axente de actuación máis poderoso e rápido sobre o medio.
- Entender a poboación como o recurso esencial coas características cuantitativas e cualitativas que interveñen de forma eminente na configuración e no dinamismo dos procesos que definen o espazo.
- Comprender a interdependencia de tódolos territorios que integran España, así como a Unión Europea e outros ámbitos xeográficos mundiais, para desenvolver actitudes de coñecemento, respecto, aprecio e cooperación cos espazos próximos e afastados ó hábitat do alumno e prestar especial atención á superación dos diferentes niveis de desenvolvemento e de saúde das poboacións do planeta.
- Adquirir conciencia espacial para participar de forma activa e responsable nas decisións que afecten á ordenación do territorio e valorar a necesidade de potenciar o equilibrio natural e a equidade social. Valorar o potencial da tecnoloxía xeográfica, para resolver os desastres naturais, facer máis habitables as cidades e poñer estas ferramentas ó servizo dos máis desfavorecidos.
- Contidos:
  1. O espazo xeográfico español: diversidade xeomorfolóxica.

1. Obxectivos didácticos de etapa:



- Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ó relevo español.
- Localizar e identificar en mapas fenómenos referidos ó relevo español.
- Analizar, caracterizar e explicar o relevo español Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ó estudio do espazo xeográfico e do relevo español.
- Apreciar a diversidade do espazo xeográfico e do relevo español, practicar a capacidade de observación da realidade e reflexionar sobre a importancia do relevo para a actividade humana

## 2. Contidos:

### 2.1. Conceptos:

- Espazo xeográfico español.
- Relevo peninsular
- Tipos de unidades morfoestruturais.
- Evolución das unidades morfoestruturais do relevo peninsular.
- O rochedo peninsular e outros tipos de relevo.
- A área silícea.
- A área calcaria.
- A área arxilosa.
- O relevo causado pola erosión diferencial.
- As grandes unidades morfoestruturais do relevo peninsular
- A Meseta.
- Os bordos montañosos da Meseta.
- As depresións exteriores da Meseta.
- As cordilleiras exteriores da Meseta.
- Relevo costeiro peninsular.
- As costas atlánticas.

- As costas mediterráneas.

- Relevo insular.

- Arquipélago balear.

- Arquipélago canario.

## 2.2. Procedementos:

- Definición de termos relativos á unidade.

- Lectura e comentario de textos relativos á unidade.

- Consulta, comentario e comparación de mapas relativos á unidades.

- Elaboración de mapas e localización de aspectos relativos á unidade.

- Comentario de fotografías e esquemas sobre modelado e formas de relevo.

- Realización e comentario de perfís topográficos.

- Utilización do mapa topográfico para identificar os distintos tipos de relevo.

- Elaboración de cadros comparativos e de síntese relativos ós conceptos da unidade.

- Aplicación dos contidos xerais sobre o relevo a Galicia.

- Realización dunha saída polo contorno para observar os tipos de relevo e de rochedo.

## 3. Desenvolvemento das competencias clave:

- Aprecio do papel da peculiar situación e configuración do espazo xeográfico español na súa diversidade física e humana.

- Valoración da diversidade do relevo español e interese por coñecer e interpretar o da propia rexión.

- Observación do carácter dinámico do relevo e interese por coñecer as explicacións das súas características.

- Práctica da capacidade de observación da realidade natural aplicada ó contorno.

## 4. Criterios de avaliación:

- Define con precisión conceptos relativos á evolución xeolóxica e unidades morfoestruturais do relevo peninsular.

- Define con precisión conceptos relativos ó relevo costeiro peninsular e ó relevo insular.
- Localiza e identifica en mapas e en perfís topográficos as áreas de rochedo silíceo, calcario e arxiloso e as unidades morfoestruturais do relevo español.
- Localiza e identifica en mapas as formas do relevo costeiro peninsular, as illas Baleares e as illas Canarias, cabos e golfos.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre a evolución xeolóxica do relevo peninsular, os tipos de rochedo e de relevo e as unidades morfoestruturais do relevo peninsular.
- Coñece e elabora temas sobre o relevo costeiro peninsular e o relevo insular.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta textos, mapas, fotografías sobre o territorio español, a orixinalidade da súa situación xeográfica e a súa diversidade natural e humana.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas e imaxes sobre a evolución xeolóxica do relevo peninsular e as súas unidades morfoestruturais.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas e imaxes sobre o relevo costeiro peninsular e o relevo insular.
- Aprecia a diversidade do espazo xeográfico e do relevo español e observa e reflexiona sobre a incidencia de distintos tipos de relevo na actividade humana.

## 2. A diversidade climática.

### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ó tempo e ó clima de España - Localizar e identificar en mapas fenómenos referidos ó tempo e ó clima de España.
- Analizar, caracterizar e explicar os principais factores e elementos do clima, os tipos de tempo e os dominios climáticos de España.
- Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ó estudio do tempo e do clima en España.
- Apreciar a diversidade climática española; practicar a capacidade de observación dos factores e dos elementos do clima, e reflexionar sobre a importancia do tempo e do clima na actividade humana.

### 2. Contidos:

## 2.1. Conceptos:

- Os factores do clima - Os factores xeográficos.
- Os factores termodinámicos.
- Os elementos do clima
- A insolación e a nebulosidade.
- A temperatura do aire
- A humidade do aire, a néboa e a calixe.
- A presión e o vento.
- As precipitacións.
- A evaporación, a evapotranspiración e a aridez.
- Tipos de tempo atmosférico en España
- Tempo do Noroeste.
- Tempo do Norte.
- Tempo do Oeste.
- Tempo do SO ou Sur.
- Tempo do Leste.
- Gota fría.
- Tempo cálido e estable.
- Vaga de calor.
- Tempo tormentoso de verán. - Principais tipos de clima en España
- Clima oceánico.
- Clima mediterráneo.
- Clima de montaña.
- Clima de Canarias.

## 2.2. Procedementos:

- Definición de termos relativos á unidade.
- Lectura e comentario de textos sobre situacións meteorolóxicas extremas.
- Elaboración, análise, interpretación, comentario e comparación de mapas e de esquemas sobre factores e elementos do clima.
- Utilización da explicación multicausal para a interpretación de datos climatolóxicos.
- Comentario de mapas do tempo.
- Construción, comentario e comparación de climogramas.
- Localización e identificación en mapas dos principais dominios climáticos de España.
- Aplicación dos conceptos xerais sobre o tempo e o clima a Galicia.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese referidos ós conceptos da unidade.
- Recopilación de datos meteorolóxicos e climáticos de diversas fontes.
- Busca de información de aspectos relativos á unidade.
- Comentario dun vídeo sobre a dinámica atmosférica

## 3. Desenvolvemento das competencias clave:

- Aprecio da diversidade climática española.
- Rigor na análise e na interpretación dos datos meteorolóxicos e climáticos.
- Práctica da capacidade de observación dos factores e elementos do clima sobre o contorno.
- Reflexión sobre a importancia do clima na actividade humana.
- Interese pola correcta aplicación dos conceptos teóricos á práctica.

## 4. Criterios de avaliación:

- Define con precisión conceptos relativos a factores e elementos do clima.
- Define con precisión conceptos relativos ós tipos de tempo atmosférico e ós principais dominios climáticos.

- Localiza e identifica en mapas os centros de acción e as masas de aire que lles afectan ó tempo e ó clima peninsular, e a distribución espacial de temperaturas, amplitudes térmicas, precipitacións e aridez.
- Localiza e identifica en mapas os principais dominios climáticos de España.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre os factores e elementos do clima, os tipos de tempo e os distintos dominios climáticos de España.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta debuxos e mapas relativos ós factores e elementos do clima de España, e comenta mapas do tempo en superficie.
- Elabora, analiza, explica, compara, comenta e interpreta climogramas, datos estatísticos sobre climas e mapas cos diferentes dominios climáticos.
- Aprecia a diversidade climática española, observa os factores e elementos do clima e reflexiona sobre a incidencia do tempo e do clima na actividade humana.

### 3. A diversidade hídrica e bioxeográfica.

#### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ás augas, á vexetación e ó solo en España.
- Localizar en mapas fenómenos referidos ás augas e á vexetación de España.
- Analizar, caracterizar e explicar as augas, a vexetación e o solo en España.
- Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ó estudio das augas, da vexetación e do solo en España.

#### 2. Contidos:

##### 2.1. Conceptos:

- A diversidade hídrica.
- Factores de influencia.
- Os ríos españois.
- Os lagos e os humedais españois.
- Os acuíferos.

- As formacións vexetais
- Factores que inflúen na vexetación.
- As paisaxes vexetais de España - A paisaxe vexetal do clima oceánico - A paisaxe vexetal do clima mediterráneo.
- A paisaxe vexetal de ribeira.
- A paisaxe vexetal de montaña.
- A paisaxe vexetal de Canarias.
- Os solos
- Factores do solo.
- Os horizontes e o perfil do solo.
- Os tipos de solo
- Os solos zonais
- Os solos azonais e intrazonais.

## 2.2. Procedementos:

- Definición de termos e conceptos relativos á unidade.
- Lectura e comentarios de texto.
- Consulta, análise, interpretación, comentario e comparación de mapas relativos á auga, á vexetación e ó solo.
- Comentario e comparación de diversos tipos de gráficos, datos estatísticos e fotografías relativos á unidade.
- Localización nun mapa de aspectos relativos á unidade.
- Localización nun mapa das principais paisaxes vexetais de aspectos relativos á unidade.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese referidos ós conceptos da unidade.
- Aplicación dos contidos xerais sobre as augas, a vexetación e o solo a Galicia.
- Realización dunha saída polo contorno natural do centro de estudos.

- Busca e comentario de exemplos ortográficos de paisaxes vexetais e fluviais de España.

### 3. Desenvolvemento das competencias clave:

- Rigor na obtención e na interpretación da información referida ós conceptos da unidade.

- Capacidade de observación da realidade natural aplicada ó contorno.

- Aprecio pola diversidade hidrográfica, vexetal e edáfica de España.

### 4. Criterios de avaliación:

- Define con precisión conceptos relativos ás augas.

- Define con precisión conceptos relativos á vexetación e ás paisaxes vexetais de España.

- Define con precisión conceptos relativos ós solos de España.

- Localiza en mapas os principais ríos, concas e vertentes hidrográficas da Península.

- Localiza en mapas as principais formacións vexetais de España.

- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre as augas, a vexetación e o solo en España.

- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos e imaxes sobre as augas: réximes fluviais e fotografías de ríos.

- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas e imaxes sobre as formacións vexetais e solos de España: cliseries, mapas coa distribución de especies vexetais e perfís do solo.

### 4. As paisaxes naturais e as interrelacións natureza-sociedade.

#### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ás paisaxes naturais de España, á influencia do medio natural na actividade humana e á influencia da actividade humana no medio natural.

- Localizar en mapas as paisaxes naturais de Galicia e de España, os riscos e os problemas ambientais, e os aspectos máis relevantes das políticas ambientais.

- Analizar, caracterizar e explicar as paisaxes naturais de Galicia e de España, a influencia do medio natural na actividade humana e a influencia da actividade humana no medio natural.



- Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ó estudio das paisaxes naturais de Galicia e de España, a influencia do medio natural na actividade humana e a influencia da actividade humana no medio natural.
- Valorar a diversidade dos espazos naturais de Galicia e de España, identificar e emitir xuízos sobre os problemas ambientais e propor solucións fronte a eles.

## 2. Contidos:

### 2.1. Conceptos:

- As grandes paisaxes naturais.
- A España húmida.
- A España mediterránea.
- A montaña.
- As illas Canarias.
- A influencia do medio ambiente na actividade humana. O medio natural como recurso.
- Relevo.
- Clima.
- A vexetación.
- A auga.
- Os solos.
- Os riscos naturais.
- Influencia da actividade humana no medio natural
- Os problemas ambientais
- A contaminación atmosférica.
- A deforestación ou destrución da cuberta vexetal.
- A contaminación, a erosión e a desertización do solo.
- A sobreexplotación e a contaminación das augas.

- Os residuos sólidos urbanos.
- A protección dos espazos naturais e da política ambiental.
- O medio ecoxeográfico galego e os seus problemas.
- A diversidade do medio ecoxeográfico galego.
- A cuestión ambiental galega.

## 2.2. Procedementos:

- Definición de termos relativos ós conceptos da unidade.
- Lectura e comentario de textos sobre problemas ambientais.
- Elaboración dun mapa cos riscos naturais que lle afectan a Galicia e a España.
- Localización nun mapa dos espazos naturais protexidos e das áreas afectadas polos distintos problemas ambientais.
- Comentario e interpretación de diversos tipos de gráficos, datos estatísticos, mapas e esquemas sobre aspectos relativos á unidade.
- Utilización da explicación multicausal para a interpretación das fontes.
- Recompilación de noticias de prensa de aspectos relativos á unidade.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese referidos ós conceptos da unidade.
- Aplicación dos contidos da unidade didáctica á situación de Galicia.
- Visita a unha estación depuradora ou a unha planta de tratamento de lixo.

## 3. Desenvolvemento das competencias clave:

- Aprecio pola diversidade do medio físico español e galego e a orixinalidade das distintas paisaxes naturais.
- Interese e curiosidade por coñecer as diversas paisaxes naturais de Galicia e de España e aprecio polo contorno paisaxístico.
- Valoración da complexidade das interrelacións do medio natural coa actividade humana.
- Práctica da capacidade de observación da realidade natural aplicada ó contorno.

- Aprecio polo valor do contorno como recurso e elemento importante para a calidade de vida.
- Conciencia e sensibilidade ante os problemas ambientais do contorno.
- Avaliación crítica da política ambiental galega e española
- Adopción de actitudes de consumo responsables que contribúen ó desenvolvemento sostible.
- Cooperación e participación na realización de traballos en grupo e nas saídas colectivas polo contorno.

#### 4. Criterios de avaliación:

- Define con precisión conceptos relativos ás paisaxes naturais de Galicia e de España, ó medio natural como recurso e ós riscos naturais.
- Define con precisión conceptos relativos ós problemas e ás políticas ambientais.
- Localiza en mapas as áreas correspondentes ás paisaxes naturais de Galicia e de España.
- Localiza en mapas as áreas afectadas por riscos e problemas ambientais, así como por políticas ambientais de protección.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre as paisaxes naturais de Galicia e de España, a influencia do medio natural na actividade humana e a influencia da actividade humana no medio natural.
- Identifica e comenta a partir de fotografías as principais paisaxes naturais de Galicia e de España, sinalando as interrelacións do medio natural coa actividade humana.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficas, mapas, imaxes e textos sobre problemas e políticas ambientais.
- Valora a diversidade dos espazos naturais de Galicia e de España, identifica e emite xuízos sobre os problemas ambientais e propón solucións fronte a eles.

#### 5. Os espazos do sector primario.

##### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Definir con precisión os conceptos relativos aos espazos rural e pesqueiro.
- Localizar en mapas fenómenos referidos ás actividades dos espazos rural e pesqueiro.

- Analizar, caracterizar e explicar os espazos rurais e pesqueiros de Galicia e de España.
- Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ó estudio dos espazos rural e pesqueiro.
- Valorar os espazos rurais e pesqueiros, tomar conciencia dos seus problemas e avaliar as posibles solucións.

## 2. Contidos:

### 2.1. Conceptos:

- Os espazos rurais.
- Factores físicos e humanos do espazo rural
- O medio natural.
- A estrutura agraria.
- O poboamento e o hábitat rural.
- O poboamento e o hábitat rural en Galicia.
- A política agraria. - Os usos do espazo rural - A actividade agrícola.
- A actividade gandeira.
- A actividade forestal.
- Os novos usos do espazo rural.
- As paisaxes agrarias de España.
- As dinámicas recentes do mundo rural
- A crise e os problemas do mundo rural.
- A ordenación do espazo rural. - Os espazos da actividade pesqueira
- A actividade pesqueira.
- A crise e os problemas da actividade pesqueira.
- A política pesqueira: regulación e reconversión do sector.

### 2.2. Procedementos:

- Definición de termos e conceptos relativos á unidade.
- Recompilación e comentario de noticias sobre os problemas do sector primario.
- Comentario e comparación de mapas e de aspectos relativos á unidade.
- Localización nun mapa das principais paisaxes agrarias de España.
- Análise do espazo rural sobre unha folla do MTN.
- Elaboración e comentario de diversos tipos de gráficos e datos estatísticos sobre usos do espazo rural.
- Comentario de fotografías e sobre os espazos rurais e pesqueiro.
- Utilización da explicación multicausal para a interpretación das fontes.
- Busca de información complementaria de aspectos relativos á unidade.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese de aspectos relativos á unidade.
- Aplicación dos contidos xerais da unidade didáctica á situación de Galicia.
- Realización dun traballo de campo sobre unha paisaxe agraria do contorno.

### 3. Desenvolvemento das competencias clave:

- Avaliación da diversidade de paisaxes rurais de Galicia e de España e interese por coñecer os do contorno.
- Rigor na obtención e na interpretación de fontes relativas ós espazos rural e pesqueiro.
- Aprecio polas interrelacións do medio físico e as actividades agraria e pesqueira.
- Conciencia dos graves problemas derivados dalgunhas formas de aproveitamento agrario e pesqueiro, e interese e aprecio polas fórmulas para evitar e solucionar estes problemas.
- Avaliación das políticas de desenvolvemento rural como fórmula para evitar o despoboamento das áreas rurais desfavorecidas e os problemas ambientais derivados deste despoboamento.
- Desenvolvemento da capacidade crítica e da observación sobre as actividades agrarias ou pesqueiras do contorno.

- Emisión de opinións e xuízos sobre os problemas do espazo rural e pesqueiro e sobre as políticas adoptadas para combatelos.

#### 4. Criterios de avaliación:

- Define con precisión os conceptos relativos aos espazos agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro.
- Localiza e identifica en mapas fenómenos agrícolas, gandeiros, forestais e pesqueiro.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre os factores que inflúen na actividade agraria, os usos do espazo rural, as paisaxes agrarias, e as dinámicas recentes do mundo rural en Galicia e en España.
- Coñece e elabora temas sobre a crise e os problemas da actividade pesqueira, e a política de regulación e reconversión do sector pesqueiro.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o tamaño da propiedade agraria; a evolución do barbeito; a distribución do gando bovino, ovino, porcino e caprino; a produción de leite, e a achega da agricultura e da gandería á produción final agraria.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre os problemas da pesca galega e española; a evolución da pesca desembarcada; a evolución da acuicultura; os problemas da flota pesqueira, e as características da pesca artesanal tradicional.
- Emite valoracións, opinións e xuízos críticos sobre os espazos rurais e pesqueiros e propón solucións para os seus problemas.

#### 6. Os espazos industriais.

##### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Definir e explicar os principais conceptos relativos á actividade industrial.
- Localizar en mapas fenómenos referidos ás actividades extractivas, enerxéticas e industriais. Analizar, caracterizar e explicar a actividade industrial en Galicia e en España.
- Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ó estudio da actividade industrial.
- Tomar conciencia dos problemas que lle afectan á produción mineira, enerxética e industrial e ponderar as posibles solucións.

## 2. Contidos:

### 2.1. Conceptos:

- As materias primas.
- Materias primas de orixe orgánica.
- Materias primas minerais.
- As fontes de enerxía
- Principais fontes de enerxía primaria.
- A produción de electricidade.
- A política enerxética.
- Sector mineiro e os recursos enerxéticos en Galicia.
- Evolución e características da industria (1855-1975)
- Evolución histórica.
- A produción industrial.
- A estrutura industrial.
- Os factores e as tendencias da localización industrial.
- As áreas industriais.
- A política industrial.
- A crise e a reestruturación industrial (1975-1985)
- A crise industrial.
- A política fronte á crise: a reestruturación industrial.
- A industria española na actualidade, desde 1985.
- A terceira revolución industrial e a recuperación da industria.
- A produción industrial: unha estrutura sectorial desfavorable.
- Estrutura e problemas estruturais da industria española actual.

- Factores e tendencias de localización.
- Áreas industriais e desequilibrios.
- Problemas ambientais.
- Política industrial.
- A industria en Galicia.

## 2.2. Procedementos:

- Definición de termos e conceptos referentes á unidade.
- Recompilación e comentario de noticias de prensa sobre aspectos relativos á unidade.
- Localización nun mapa das áreas industriais de Galicia e de España.
- Comentario e comparación de mapas de aspectos relativos á unidade.
- Comentario e comparación de diferentes tipos de gráficos e datos estatísticos sobre o sector industrial en Galicia e en España.
- Análise de fotografías e diapositivas de aspectos relativos á unidade.
- Utilización da explicación multicausal para a interpretación das fontes.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese de aspectos relativos á unidade.
- Busca de información complementaria de aspectos relativos á unidade.
- Aplicación dos contidos xerais da unidade didáctica a Galicia.
- Realización dun traballo de campo sobre unha industria do contorno.

## 3. Desenvolvemento das competencias clave:

- Valoración da utilización racional dos recursos e concienciación sobre a importancia do aforro e da reciclaxe, adoptando condutas concretas encamiñadas a isto.
- Comprensión do custo da actividade industrial na paisaxe e valorar os produtos industriais realizados sen contaminar o medio natural.
- Conciencia dos desequilibrios territoriais que xera a desigual distribución da industria no espazo.



- Desenvolvemento da capacidade de observación respecto á realidade industrial do contorno.

#### 4. Criterios de avaliación:

- Define con precisión os conceptos relativos a materias primas, fontes de enerxía e actividade industrial.
- Localiza en mapas fenómenos referidos a materias primas, fontes de enerxía e actividade industrial. Sintetiza conceptos e redacta temas sobre materias primas, fontes de enerxía e política enerxética en Galicia e en España.
- Coñece e elabora temas sobre a evolución histórica e as características da industria ata a segunda metade do século XX; a crise e a reestruturación industrial e a industria galega e española na actualidade.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre as materias primas e as fontes de enerxía.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre a actividade industrial.
- Emite opinións e xuízos críticos sobre os problemas da produción mineira, enerxética e industrial e analiza as solucións encamiñadas á utilización racional dos recursos.

#### 7. Os espazos de servizos.

##### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ás actividades terciarias.
- Localizar en mapas fenómenos referidos ás actividades terciarias.
- Analizar, caracterizar e explicar as actividades terciarias.
- Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ó estudio das actividades terciarias.
- Tomar conciencia dos problemas xerados polas actividades terciarias e propoñer solucións, apreciar a diversidade turística e adoptar unha actitude crítica e selectiva como consumidor.

##### 2. Contidos:

###### 2.1. Conceptos:

- A terciarización da economía española.
- Heteroxeneidade e desigualdade territorial dos servizos.
- Sistema de transporte e as comunicacións
- Características do sistema de transporte.
- As comunicacións.
- Sistema de transporte en Galicia.
- Espazos turísticos
- Factores de desenvolvemento turístico español.
- Modelo turístico tradicional.
- A crise do modelo tradicional e o turismo alternativo.
- As áreas turísticas e a súa tipoloxía.
- Impacto espacial do turismo.
- Comercio interior e exterior.
- Comercio interior.
- Comercio exterior.
- Turismo e o comercio en Galicia.

## 2.2. Procedementos:

- Definición de termos e conceptos relativos á unidade.
- Lectura e comentario de texto de aspectos relativos á unidade.
- Localización nun mapa das principais áreas turísticas galegas e españolas.
- Comentario e comparación de mapas sobre as actividades do sector terciario.
- Comentario de diversos tipos de gráficos e de datos estatísticos relativos á unidade.
- Comentario de diapositivas ou de fotografías de aspectos relativos á unidade.
- Utilización da explicación multicausal para a interpretación das fontes.

- Elaboración de cadros comparativos e de síntese de aspectos relativos á unidade.
- Realización de informes de aspectos relativos á unidade.
- Aplicación dos contidos xerais da unidade didáctica á situación de Galicia.

### 3. Desenvolvemento das competencias clave:

- Avaliación das posibles repercusións medioambientais dos medios de transporte e do turismo e proposta de solucións para omitir estes impactos negativos, por exemplo, tomando conciencia da importancia de utilizar o transporte público.
- Interese pola conservación dos espazos turísticos, tanto naturais como culturais; especialmente dos de Galicia.
- Concienciación sobre o consumismo nas sociedades desenvolvidas e adopción dunha actitude crítica e selectiva fronte ós artigos de consumo e fronte á información dos medios de comunicación de masas.
- Aprecio polo papel positivo do turismo no achegamento dos pobos, o contacto entre culturas e o entendemento político entre os países.
- Aprecio pola diversidade turística española e desenvolvemento da curiosidade por coñecer espazos diferentes ó propio.

### 4. Criterios de avaliación:

- Define con precisión os conceptos relativos ó sector terciario, o sistema de transporte, o turismo e o comercio exterior e interior en Galicia e en España.
- Localiza e identifica en mapas fenómenos referidos ó sistema de transporte, ó turismo e ó comercio interior e exterior en Galicia e en España.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre o sistema de transporte galego e español: características xerais, características dos diferentes modos e problemas do sistema de transporte.
- Coñece e elabora temas sobre o turismo en Galicia e en España: causas e consecuencias do desenvolvemento turístico, o modelo turístico tradicional, o turismo alternativo e os problemas do turismo.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre o comercio interior e exterior en Galicia e en España e os seus problemas.

- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o sistema de transporte en Galicia e en España.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o turismo en España.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o comercio interior e exterior en Galicia e en España.
- Identifica os problemas das actividades terciarias, emite xuízos críticos e opinións, e propón solucións para os problemas.

## 8. A poboación española.

### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Definir e explicar os principais conceptos relativos á poboación galega e española. Localizar en mapas fenómenos referidos á poboación galega e española.
- Analizar, caracterizar e explicar os principais fenómenos demográficos de Galicia e de España, facendo especial referencia ás súas transformacións recentes.
- Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ó estudio da poboación galega e española.
- Expresar opinións e xuízos críticos sobre problemas demográficos e mostrar actitudes de tolerancia e de solidariedade ante calquera forma de discriminación.

### 2. Contidos:

#### 2.1. Conceptos:

- As fontes demográficas.
- A distribución da poboación.
- Movemento natural da poboación
- Os réximes demográficos.
- Os desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación.
- Movementsos migratorios
- As migracións interiores.

- As migracións exteriores.
- A inmigración actual e as súas consecuencias.
- Crecemento real da poboación.
- A estrutura por idade da poboación española
- Estrutura por sexo e idade.
- Estrutura económica da poboación.
- Futuro da poboación española.
- A poboación galega: características e tendencias.

## 2.2. Procedementos:

- Definición de termos e conceptos relativos á unidade.
- Lectura e comentarios de texto.
- Elaboración, comentario e comparación de mapas de aspectos relativos á unidade.
- Comentario e comparación de gráficos e datos estatísticos de poboación.
- Realización e comentario de pirámides de poboación.
- Utilización da explicación multicausal para a interpretación das fontes demográficas.
- Aplicación dos contidos xerais da unidade didáctica á situación de Galicia.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese referidos ós conceptos da unidade.
- Recollida de información e debate sobre a situación dos inmigrantes estranxeiros en España.
- Proxección cara ó futuro da actual situación da poboación galega e española.

## 3. Desenvolvemento das competencias clave:

- Avaliación da complexidade dos fenómenos demográficos: multicausalidade, carácter dinámico e diversidade territorial.
- Desenvolvemento da capacidade crítica e de opinión sobre as implicacións sociais e económicas da problemática demográfica (baixa natalidade, envellecemento, inmigración, desemprego).

- Valoración da diversidade de grupos humanos que conviven en Galicia e en España.
- Tolerancia e respecto cara a persoas e grupos sociais pertencentes a outras razas ou culturas e rexeitamento das actitudes de intolerancia e de xenofobia.
- Rexeitamento de calquera discriminación no mundo laboral (p. ex., respecto ó emprego e ó paro feminino) e valoración das accións orientadas a fomentar a igualdade entre ambos sexos.
- Interese e actitude crítica cara ós datos demográficos procedentes de diversos medios de comunicación.

#### 4. Criterios de avaliación:

- Define con precisión conceptos relativos a fontes demográficas, movementos naturais e migratorios, e crecemento real da poboación galega e española.
- Define con precisión conceptos relativos á estrutura e ó futuro da poboación galega e española.
- Localiza e identifica en mapas a distribución da poboación española; as comunidades con maior e menor natalidade, mortalidade e crecemento natural; as principais áreas emigratorias e inmigratorias; as rexións con maiores e menores taxas de actividade e de paro, e as comunidades autónomas nas que predominan os sectores primario, secundario e terciario.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre os movementos naturais e migratorios, e sobre o crecemento real da poboación galega e española.
- Coñece e elabora temas sobre a estrutura e o futuro da poboación galega e española.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre os movementos naturais e migratorios e o crecemento real da poboación galega e española.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre a estrutura e o futuro da poboación galega e española.
- Emite opinións e xuízos críticos sobre problemas demográficos e mostra actitudes de tolerancia e de solidariedade cara á discriminación laboral ou social por motivos de sexo, raza ou nacionalidade.

#### 9. O espazo urbano.

## 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ó poboamento rural e urbano.
- Localizar en mapas fenómenos referidos ó poboamento rural e urbano.
- Analizar, caracterizar e explicar o poboamento rural e urbano en Galicia e en España.
- Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ó estudio do poboamento rural e urbano.
- Mostrar interese polos problemas urbanos e as actuacións urbanísticas, emitir xuízos e propor solucións sobre eles.

## 2. Contidos:

### 2.1. Conceptos:

- Proceso de urbanización.
- A urbanización preindustrial, industrial, postindustrial.
- A morfoloxía urbana.
- A estrutura urbana
- A cidade preindustrial: o casco antigo.
- A cidade industrial: o ensanche urbano.
- A periferia actual e as recentes transformacións urbanas.
- As aglomeracións urbanas.
- Problemas das cidades españolas.
- A produción e a ordenación do espazo urbano.
- A produción do espazo urbano.
- A planificación urbana: o urbanismo.
- Sistema urbano español
- Tamaño das cidades.
- As funcións das cidades españolas.

- A área de influencia urbana.
- As relacións urbanas no sistema español de cidades.
- Poboamento urbano en Galicia.

## 2.2. Procedementos:

- Definición de termos e de conceptos relativos á unidade.
- Lectura e comentario de textos sobre problemas urbanos.
- Recopilación e comentario de noticias de prensa relativas a temas urbanos.
- Localización en mapas de aspectos relativos á unidade.
- Comentario, elaboración e comparación de gráficos e datos estatísticos sobre aspectos urbanos.
- Interpretación e comentario de fotografías e diapositivas sobre os elementos que definen o fenómeno urbano.
- Utilización da explicación multicausal para a interpretación das fontes.
- Comentario de planos urbanos nos seus aspectos morfolóxicos e estruturais.
- Identificación en planos urbanos das diversas partes da estrutura urbana.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese referidos á unidade.
- Realización de exercicios de simulación relativos á unidade.
- Aplicación dos contidos xerais da unidade a Galicia.
- Realización dun itinerario por unha cidade.
- Realización dun traballo de campo.

## 3. Desenvolvemento das competencias clave:

- Interese por coñecer os diversos aspectos constitutivos do fenómeno urbano.
- Emisión de xuízos críticos respecto ó contorno urbano.
- Valoración do patrimonio urbano, preocupación pola súa conservación e aprecio polas medidas encamiñadas á súa rehabilitación e mellora.



- Participación activa na realización das actividades relacionadas cos contidos da unidade.
- Concienciación sobre os problemas medioambientais causados polo ser humano.
- Colaboración activa na conservación e na mellora do medio ambiente urbano.
- Fomento da convivencia cidadá a través do coñecemento dos problemas existentes nas grandes urbes e solidariedade cara ós barrios marxinados.
- Análise de cuestións relacionadas coa calidade de vida nas cidades.

#### 4. Criterios de avaliación:

- Define con precisión os conceptos relativos ó poboamento rural, ó proceso de urbanización, á morfoloxía e á estrutura urbana.
- Define con precisión os conceptos relativos ós problemas das cidades, ó urbanismo e ó sistema de cidades.
- Localiza e identifica en mapas as principais cidades fenicias, gregas e romanas, as capitais provinciais, as principais áreas metropolitanas, as metrópolis nacionais, rexionais e subrexionais e as cidades de máis de 250 000 habitantes.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre o poboamento rural, o proceso de urbanización, a morfoloxía urbana e a estrutura urbana e as aglomeracións urbanas.
- Coñece e elabora temas sobre os problemas urbanos, a produción do espazo urbano e o urbanismo e o sistema de cidades.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o poboamento rural, o proceso de urbanización, a morfoloxía urbana e a estrutura urbana e as aglomeracións urbanas.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre os problemas urbanos, a produción do espazo urbano e o urbanismo e o sistema de cidades.
- Identifica os problemas urbanos e as actuacións urbanísticas a partir de diversas fontes de información, emite xuízos e propón solucións sobre eles.

#### 10. A organización territorial e os desequilibrios rexionais.

##### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Definir e explicar os principais conceptos relativos á organización do territorio español, ós desequilibrios territoriais e ás políticas territoriais.
- Localizar en mapas fenómenos referidos á organización do territorio español, ós desequilibrios territoriais e ás políticas territoriais.
- Analizar, caracterizar e explicar a organización do territorio español, os desequilibrios territoriais e as políticas territoriais.
- Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ó estudio da organización do territorio español, dos desequilibrios territoriais e das políticas territoriais.
- Mostrar interese polo proceso autonómico galego e español, manifestar actitudes de tolerancia e respecto cara ás particularidades doutras comunidades e de solidariedade coas máis desfavorecidas, apreciando actuacións para paliar e fomentar o desenvolvemento rexional.

## 2. Contidos:

### 2.1. Conceptos:

- A organización territorial de España.
- Orixe e formación do Estado Autonómico.
- A organización do Estado autonómico.
- Os desequilibrios territoriais
- Orixe dos desequilibrios.
- Cambios pola crise económica de 1973.
- Novo modelo de desequilibrios.
- As políticas territoriais
- A política territorial
- Obxectivos e estratexias.
- Instrumentos da política rexional.
- A planificación rexional.

- A ordenación do territorio
- Características da ordenación do territorio.
- A ordenación do territorio en España.

## 2.2. Procedementos:

- Definición de termos e conceptos relativos á unidade.
- Lectura e comentarios de texto da Constitución sobre o Estado das autonomías.
- Localización nun mapa das comunidades autónomas, das súas capitais e das provincias que as integran.
- Elaboración, comentario e comparación de mapas relativos á evolución histórica da organización territorial.
- Realización e interpretación de gráficos, datos estatísticos e fotografías de aspectos relativos á unidade.
- Utilización da explicación multicausal para a interpretación das fontes.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese referidos ós conceptos da unidade.
- Aplicación dos contidos xerais da unidade didáctica á situación de Galicia.
- Realización dun traballo de indagación sobre a situación de Galicia en relación coas demais comunidades.

## 3. Desenvolvemento das competencias clave:

- Interese por coñecer o proceso autonómico español e, en particular o concernente a Galicia.
- Valoración do pluralismo e da diversidade cultural de España e respecto das diferentes opinións sobre a organización territorial e política.
- Desenvolvemento de sentimentos de pertenza, integración e participación con respecto á Galicia.
- Expresión de actitudes de tolerancia e respecto cara ás particularidades das outras comunidades autónomas.
- Solidariedade cara ás comunidades autónomas máis desfavorecidas e aprecio polas actuacións encamiñadas a paliar os desequilibrios territoriais.

- Avaliación crítica da política rexional española e galega, e adopción dunha postura crítica ante as informacións procedentes dos medios de comunicación.

#### 4. Criterios de avaliación:

- Define con precisión os conceptos relativos á organización territorial de España, aos desequilibrios territoriais, ás políticas territoriais e á ordenación do territorio.
- Localiza e identifica en mapas as comunidades autónomas españolas e as súas capitais; fenómenos relacionados coa evolución da organización territorial; desequilibrios demográficos, económicos e sociais entre comunidades autónomas, e aspectos relevantes da política territorial.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre a orixe e a formación do Estado autonómico e a súa organización actual; a orixe e a evolución dos desequilibrios rexionais, a política rexional española, e a ordenación do territorio.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre a orixe e a formación do Estado autonómico e a súa organización actual; os desequilibrios territoriais; a política rexional española, e a ordenación do territorio.
- Emite opinións que reflicten tolerancia, respecto e solidariedade cara ás outras comunidades e valora as actuacións favorecedoras do desenvolvemento rexional.

#### 11. España no mundo.

##### 1. Obxectivos didácticos de etapa:

- Definir con precisión conceptos relativos á globalización e á posición de España no sistema mundo.
- Localizar en mapas os centros mundiais de decisión económica e política, as grandes áreas xoeconómicas do mundo e os ámbitos cara aos que se dirixen as principais liñas xeopolíticas españolas.
- Analizar, caracterizar e explicar os procesos de mundialización; as áreas xoeconómicas mundiais; os movementos antiglobalización, e a posición relativa de España nas áreas xoeconómicas e xeopolíticas.
- Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ó estudio da globalización e da posición de España no sistema mundo.

- Criticar e avaliar negativamente as desigualdades territoriais causadas pola globalización, apreciando os esforzos realizados para paliarlas e desenvolvendo sentimentos de solidariedade cos espazos mundiais máis desfavorecidos.

## 2. Contidos:

### 2.1. Conceptos:

- Mundialización e desigualdades territoriais
- Mundialización económica ou globalización.
- Mundialización política, social, cultural e medioambiental.
- As consecuencias da mundialización.
- As áreas xeoeconómicas.
- Os países desenvolvidos do centro ou do norte.
- Os países subdesenvolvidos da periferia ou do sur.
- A axuda ao desenvolvemento.
- Os movementos antiglobalización.
- Posición de España no mundo.
